

CC BY-SA



**DENTRO DO ABOLICIONISMO:
O HISTÓRICO MOVEMENTO CONTRA
A PROSTITUCIÓN**

TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

MÁSTER EN POLÍTICAS SOCIAIS E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA

Autoras: **Raquel M^a Míguez Fariña e Ana Pousada Gómez**

Titora: **María Rosa Cobo Bedia**

A Coruña, xuño de 2022

A Rosa, a Esther e a Magui.

A tódalas mulleres que loitan.

RESUMO

Ao longo deste traballo realizaremos unha investigación en profundidade do movemento abolicionista da prostitución, o cal, inserido no seo do feminismo, loita pola erradicación total da institución prostitucional por medio da denuncia e deslexitimación da que considera a expresión máis violenta do patriarcado. No intento por reafirmar a teoría crítica que implícita e explícita dito movemento e, con elo, subverter os vellos códigos de dominación que, aínda na actualidade, seguen a negar a liberdade e a igualdade real a máis da metade da humanidade, nas vindeiras páxinas afondaremos na súa historia e vindicacións, a través da exposición, tamén, da xenealoxía do movemento que o viu nacer e avanzar, o feminismo. O repaso histórico do abolicionismo e da súa loita contra a prostitución dará paso ao núcleo gordiano do traballo, a recompilación de información sobre a súa situación actual tanto a nivel estatal como global, por medio de dúas entrevistas en profundidade a dúas referentes do movemento en España e Arxentina. Unha análise cualitativa dos seus discursos permitiranos dar conta do pensamento e acción de ambas, o que, en suma con todo o anterior, favorecerá a irracionalización dos axiomas que perpetúan a prostitución e, por ende, a desigualdade cara a tódalas mulleres.

Palabras clave: abolicionismo, feminismo, prostitución, igualdade, mulleres.

RESUMEN

A lo largo de este trabajo realizaremos una investigación en profundidad del movimiento abolicionista de la prostitución, el cual, inserto en el seno del feminismo, lucha por la erradicación total de la institución prostitucional por medio de la denuncia y deslegitimación de la que considera la expresión más violenta del patriarcado. En el intento por reafirmar la teoría crítica que implícita y explícita dicho movimiento y, con ello, subvertir los viejos códigos de dominación que, aún en la actualidad, siguen negando la libertad y la igualdad real a más de la mitad de la humanidad, en las próximas páginas ahondaremos en su historia y vindicaciones, a través de la exposición, también, de la genealogía del movimiento que lo vio nacer y avanzar, el feminismo. El repaso histórico del abolicionismo y de su lucha contra la prostitución dará paso al núcleo

gordiano del trabajo, la recopilación de información sobre su situación actual tanto a nivel estatal como global, por medio de dos entrevistas en profundidad a dos referentes del movimiento en España y Argentina. Un análisis cualitativo de sus discursos nos permitirá dar cuenta del pensamiento y acción de ambas, lo que, en suma con todo el anterior, favorecerá la irracionalización de los axiomas que perpetúan la prostitución y, por ende, la desigualdad hacia todas las mujeres.

Palabras clave: abolicionismo, feminismo, prostitución, igualdad, mujeres.

ABSTRACT

Throughout this work we will carry out an in-depth investigation of the abolitionist movement of prostitution, which, inserted within feminism, fights for the total eradication of the prostitution institution through the denunciation and delegitimization of what it considers to be the most violent expression of patriarchy. In the attempt to reaffirm the critical theory that implicitly and explicitly explains this movement and, thereby, subvert the old codes of domination that, even today, continue to deny freedom and real equality to more than half of humanity, in the following pages will delve into its history and vindications, through the exhibition, also, of the genealogy of the movement that saw it born and advance, feminism. The historical review of abolitionism and its fight against prostitution will give way to the Gordian core of the work, the compilation of information on its current situation both at a state and global level, through two in-depth interviews with two referents of the movement in Spain and Argentina. A qualitative analysis of their speeches will allow us to account for the thought and action of both, which, in sum with all of the above, will favor the irrationalization of the axioms that perpetuate prostitution and, therefore, inequality towards all women.

Keywords: abolitionism, feminism, prostitution, equality, women.

ÍNDICE

| | |
|---|-----------|
| INTRODUCCIÓN..... | 1 |
| FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA | 2 |
| 1. XENEALOXÍA DO MOVEMENTO FEMINISTA | 2 |
| 1.1. ANTECEDENTES | 3 |
| 1.2. CONTEXTO SOCIAL E HISTÓRICO..... | 4 |
| 1.3. AVANCE DO FEMINISMO..... | 6 |
| 1.3.1. PRIMEIRA OLA | 7 |
| 1.3.2. SEGUNDA OLA | 9 |
| 1.3.3. TERCEIRA OLA | 10 |
| 1.3.4. CUARTA OLA | 14 |
| 2. HISTORIA DO ABOLICIONISMO DA PROSTITUCIÓN | 19 |
| 2.1. ORIXE E PROGRESO | 20 |
| 2.1.1. O MOVEMENTO ABOLICIONISTA EN ESPAÑA..... | 25 |
| 2.2. FEMINISMO E ABOLICIONISMO | 28 |
| 2.2.1. O LEGADO DE JOSEPHINE BUTLER..... | 28 |
| 2.2.2. FEMINISTAS HISTÓRICAS POLA ABOLICIÓN | 31 |
| OBXECTIVOS | 33 |
| METODOLOXÍA..... | 34 |
| 1. XUSTIFICACIÓN METODOLÓXICA | 35 |
| 2. INFORMANTES | 36 |

| | |
|---|-----------|
| 3. GUIÓN DA ENTREVISTA | 37 |
| INFORME DE RESULTADOS..... | 38 |
| CONCLUSIÓNS..... | 43 |
| REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS..... | 47 |
| ANEXOS | 54 |
| ANEXO 1: Ficha técnica da Informante 1 | 54 |
| ANEXO 2: Ficha técnica da Informante 2..... | 55 |
| ANEXO 3: Guión da entrevista..... | 56 |
| ANEXO 4: Transcripción das entrevistas..... | 57 |
| ANEXO 5: Esquema de categorías e códigos..... | 72 |
| ANEXO 6: Codificación da información obtida nas entrevistas..... | 73 |

“Por inmensa que sexa a nosa tarefa, nada pode facer vacilar a nosa fe: a xustiza da nosa causa énos garantía certa do éxito. [...] Nós non somos máis que as iniciadoras dunha orde de cousas mellor, non viviremos bastante para saudar o día dunha brillante e decisiva vitoria. Bástanos preparala para as xeracións vindeiras. Exhortémonos mutuamente á paciencia e animémonos á perseveranza”.

JOSEPHINE BUTLER

INTRODUCCIÓN

A existencia dun movemento é, de por sí, un principio para situar acontecementos nun marco e, en consecuencia, someter a discusión pública aspectos da vida social onde a norma foi aceptada e a elección ou a disputa permanecen ausentes, así como establecer posibles alternativas de cambio (Gusfield, 1994). Neste sentido, as últimas décadas dan conta do desenvolvemento de novos enfoques teóricos sobre os movementos sociais que consideran a importancia tanto das súas formas de acción como de organización e, sobre todo, do impacto que logran xerar na sociedade ao denunciar ‘marcos de inxustiza’ e loitar pola súa deslexitimación (de Miguel, 2005). A ruptura co establecido que inician ten como finalidade unha liberación cognitiva que posibilite o cuestionamento dos principios, valores e actitudes aprendidos e interiorizados socialmente en favor da acción individual e colectiva (McAdam, 1994).

Con esta premisa e considerando a análise dos problemas sociais como unha das vías principais para a súa conceptualización e resignificación, ao longo deste traballo realizaremos unha investigación en profundidade do movemento abolicionista da prostitución, o cal, inserido no seo do feminismo, loita pola erradicación total da institución prostitucional por medio da denuncia e deslexitimación da que considera a expresión máis violenta do patriarcado.

No intento por reafirmar a teoría crítica que implícita e explícita dito movemento e, con elo, subverter os vellos códigos de dominación que, aínda na actualidade, seguen a negar a liberdade e a igualdade real a máis da metade da humanidade, nas vindeiras páxinas afondaremos na súa historia e vindicacións, a través da exposición, tamén, da xenealoxía do movemento que o viu nacer e avanzar, o feminismo. Entendemos que unha primeira teorización de ambos, con especial incisión no abolicionismo da prostitución, pode contribuír no desenvolvemento de novos marcos interpretativos da realidade dunha problemática que, sendo central, segue a ser continuamente evadida e normalizada socialmente.

O repaso histórico do abolicionismo e da súa loita contra a prostitución dará paso ao núcleo gordiano do traballo, a recompilación de información sobre a súa situación actual tanto a nivel estatal como global, por medio de dúas entrevistas en profundidade a dúas referentes do movemento en España e Arxentina. Unha análise cualitativa dos seus discursos permitiranos dar conta do pensamento e acción de ambas, o que, en suma con todo o anterior, favorecerá a irracionalización dos axiomas que perpetúan a prostitución e, por ende, a desigualdade cara a tódalas mulleres.

FUNDAMENTACIÓN TEÓRICA

Coa intención dunha maior comprensión deste traballo, entendemos fundamental anticipalas bases teóricas que asentan o movemento abolicionista contra a prostitución, o cal se inscribe na secular loita do feminismo dende, practicamente, os seus inicios. A recompilación da información concernente a este, a través dunha ampla revisión da literatura existente, dota á investigación dun sistema coordinado e coherente de conceptos, os cales favorecen tanto a correcta formulación da cuestión central como unha mellor definición do seu alcance e implicacións.

Considerando a importancia do feminismo como o movemento que dá orixe ao abolicionismo, abordaremos, en primeiro lugar, a súa ampla xenealoxía, esclarecendo os seus antecedentes e o contexto en que xorde para profundar, posteriormente, nas olas que patentaron o seu avance ata a actualidade. A continuación, centrarémonos no abolicionismo da prostitución para detallar a súa historia e a incidencia da mesma en España, así como a relación que conecta o seu pensamento co feminismo histórico.

Con elo, tentaremos de proporcionar unha visión máis completa do exposto ao longo da nosa investigación, que oriente a descrición da realidade á vez que facilite a adecuada interpretación dos resultados, podendo, mesmo, inspirar novas liñas de estudo (Hernández, Fernández e Baptista, 2003).

1. XENEALOXÍA DO MOVEMENTO FEMINISTA

Ao longo da Historia, o movemento feminista investigou e evidenciou a discriminación exercida cara ás mulleres por parte do sistema patriarcal, xerando pensamento e acción, é dicir, teoría e práctica, co obxectivo tanto de analizar e diagnosticar a realidade social vivida por estas como de transformala (Gamba, 2008). Deste xeito, o feminismo non só contribuíu a visibilizar os privilexios de que gozan os homes, senón que loitou pola obtención dos seus mesmos dereitos para o colectivo feminino, a fin de alcanzar a ansiada igualdade de xénero (Afanador e Caballero, 2012) así como unha sociedade máis xusta, en que as diferenzas entre homes e mulleres non supoñan disparidade nin se empreguen para establecer categorías ou escalas socioculturais diverxentes e desiguais (González, 2003).

Aínda que non foi homoxéneo, o feminista é un movemento político integral que expresa a loita das mulleres contra calquera forma de discriminación (Gamba, 2008) a través do empoderamento. A súa fragmentación en etapas, denominadas olas¹, integradas por distintas masas de mulleres con diversas formas de organización e mobilización e diferentes demandas e reivindicacións², sendo cada unha máis ampla que a anterior, á vez que desigual intensidade, permitiu dar conta do seu imparable avance e da súa extensión global. Varela (2019) defende esta estruturación por favorecer a conceptualización de períodos de movemento social e político de longo percorrido, que inclúen acontecementos simultáneos en diversas partes do mundo, cun desenvolvemento distinto segundo a sociedade en que se sitúen.

Por elo, a fin de explicar adecuadamente tódolos cambios e avances que tiveron lugar no seo do feminismo será necesario apuntar aos seus antecedentes e ao contexto social e histórico que auspiciou o seu nacemento, así como a división da súa xenealoxía en olas.

1.1. ANTECEDENTES

O concepto de feminismo non xurdiu ata a década de 1890 (Kindersley, 2019), o cal non significa que antes de proclamarse o movemento non existisen mulleres con ideas que hoxe en día poderíamos cualificar de feministas. A estas, e aos homes que as acompañaron no seu pensamento, denominarémolas antecedentes do feminismo, xa que desafiaron a situación de subordinación que a sociedade lles impuña.

Tal é o caso de Christine de Pizan (1364-1430), a primeira muller en ser recoñecida como escritora profesional en Occidente, quen escribiu sobre temas considerados tabús na sociedade onde vivía, como a violación ou a necesidade da educación para as nenas. Así mesmo, defendeu o corpo feminino dende unha perspectiva positiva. As súas obras a destacar son *Le Dit de la rose*³, en 1402 e *La Cite des dames*⁴, en 1405 (Varela, 2014). Do mesmo modo, Mary Ward (1585-1645), que a pesar das súas crenzas católicas loitou pola creación de escolas

¹ Os teóricos de movementos sociais empregan este termo para focalizar a idea de que a realidade social non é estática nin estable, senón que é resultado dunha interacción entre diversos actores que ao longo do tempo se modifica (Garrido-Rodríguez, 2021).

² Que deron lugar á denominada axenda feminista.

³ *O conto da rosa*, obra crítica cara *O romance da rosa* de Jean de Meun.

⁴ *A Cidade das damas* reflexiona sobre a educación e unha cidade libre do caos dos homes.

femininas onde as mulleres non tivesen que permanecer enclaustradas como ordenaban as autoridades da época, senón que puidesen realizar traballos para axudar aos máis necesitados/as, así como levar a cabo a tarefa de mestras coa finalidade de fundar máis escolas (Kindersley, 2019).

Como referente masculino de importancia, Poullain de la Barre (1647-1725), filósofo cartesiano e escritor avanzado ao seu tempo, argumentou que a mente non ten sexo e que as ideas sobre a inferioridade da muller fronte ao home son prexuízos, unha noción revolucionaria naquel entón. Na obra *De l'égalité des deux sexes*⁵, defende o dereito da educación para as mulleres como remedio á desigualdade, introducindo, ademais, o concepto de discriminación positiva (Varela, 2014).

Na mesma liña que Poullain de la Barre seguiu Mary Astell (1666-1731), unha das primeiras escritoras que defendeu nos seus manuscritos que as mulleres podían posuír un pensamento igual de claro e crítico que os homes. A súa argumentación baseábase na percepción de que Deus creara ao home cunha alma igual de intelixente ca da muller, sendo eles quen dispensaban o papel secundario ás súas compañeiras. Publicou, en 1694, *A Serious Proposal to the Ladies*⁶, onde defendeu a educación como método de escape á subordinación e redactou, en 1700, *Some Reflections on Marriage*⁷, escrito onde critica a institución do matrimonio (Kindersley, 2019). Ao mesmo tempo, Sophia Elisabet Brenner (1659-1730) publicou *A defensa xustificada do sexo feminino*, onde defendeu, principalmente, a educación para as mulleres, e Hedvig Charlotta Nordenflycht (1718-1763), coa obra *O queixume da muller sueca*, reclamou máis dereitos para as mulleres (Kindersley, 2019).

1.2. CONTEXTO SOCIAL E HISTÓRICO

No S. XVIII nace un movemento cultural e intelectual denominado Ilustración, que transformou Europa e América do Norte ao exaltar o emprego da razón promovendo os dereitos da igualdade e a liberdade (Kindersley, 2019).

⁵ *Da legalidade dos dous sexos.*

⁶ *Unha proposta seria para as damas.*

⁷ *Algunhas reflexións sobre o matrimonio.*

Pódese dicir que a Ilustración supón a liberación do ser humano⁸ porque se reclama a liberdade para facer uso público da razón, é dicir, para poder tomar decisións baseadas na argumentación e para actuar nos espazos da política e o ámbito laboral de maneira libre (Kant, 2009). Nunha esfera denominada pública e dominada unicamente por homes, xérase un debate entre os filósofos políticos sobre se os dereitos de igualdade e liberdade debían, tamén, ser aplicables ás mulleres. Algúns, como Rousseau, consideraron que non porque elas eran menos racionais, e outros, como Diderot, defenderon publicamente a capacidade intelectual das mulleres. De maneira análoga, xorden novas teorías políticas que serán claves para o futuro desenvolvemento político, como a teoría da soberanía popular elaborada por Rousseau, a división de poderes explicada por Montesquieu e a división do dúo Igrexa-Estado (Todorov, 2008).

Cabe sinalar que en 1775 ten lugar a Guerra da Independencia de Estados Unidos, na que as colonias británicas se rebelan contra o poder solicitando autonomía. Este suceso permitiu a participación das mulleres na esfera pública, xa que os homes eran chamados para cumprir as súas obrigacións no exército e elas quedaban nos seus fogares facéndose responsables da toma de decisións da familia tanto no ámbito público como o privado. Neste momento as mulleres comezaron a asumir tanto as funcións do fogar (esfera privada) como as de fóra del (esfera pública). Todo elo propiciou un ambiente revolucionario, o cal ansiaba cambiar a orde establecida, favorecendo a participación política activa das mulleres. A tal efecto, en 1780, Esther Reed creou unha campaña coa finalidade de axudar á patria economicamente e, ademais, xunto a Sarah Franklin, filla dun dos pais fundadores de Estados Unidos, dirixiu a Asociación de Damas (Kindersley, 2019).

Posteriormente, dende 1789 e ata 1799, prodúcese a Revolución Francesa. Este acontecemento histórico versa dun conflito social e político cuxa característica principal é conseguir a unidade nacional dun país, coa finalidade de destruír o réxime feudal polo cal se rexía a sociedade do momento. Expón, así, un problema coa estrutura da sociedade, sendo lembrada como modelo de revolución burguesa, pois, aínda que a finais do S. XVIII a estrutura social de Francia era aristocrática, posuíndo a aristocracia⁹ o primeiro rango da xerarquía social, o desenvolvemento da produción artesanal e do comercio fomentaron novas formas de

⁸ O texto orixinal só menciona ao home como ser necesitado de liberdade.

⁹ A aristocracia estaba formada por nobreza e alto clero.

obter riqueza, o que propiciou o nacemento dunha nova clase social, a burguesía¹⁰ (Soboul e Martínez, 1981). Nesta revolución, que defendía os ideais de liberdade, igualdade e fraternidade (Todorov, 2008), as mulleres tiveron un papel clave. Tanto é así que, o 5 e 6 de outubro de 1789, seis mil mulleres marcharon ata Versalles reclamando pan, pois alí vivían os reis, sendo este un episodio fundamental para o derrocamento efectivo da monarquía francesa (Varela, 2014).

Cabe destacar, a este punto, que a mentalidade revolucionaria, nun primeiro momento, asentouse nas consciencias individuais grazas ás ideas da Ilustración (Todorov, 2008). Posteriormente, foi a espontaneidade revolucionaria a que, paulatinamente, logrou derrocar o Antigo Réxime. Deste xeito, mentres se erradicaban vellas estruturas feudais e absolutistas, naceron novas institucións, como a Asemblea Nacional, que se converteu na institución representativa da poboación¹¹, e prácticas sociais, á vez que a burguesía se converteu na forza política dominante grazas ao apoio das masas populares (Todorov, 2008). Con todo, e aínda que as mulleres avanzaran politicamente se achegaran á causa revolucionaria, non puideron formar parte destas institucións, polo que comezaron a estudar a súa situación a fin de protestar pola súa posición de subordinación (Varela, 2014).

O acontecido non foi moi diferente na veciña Gran Bretaña, onde durante o mencionado século se xerou un gran enriquecemento da clase media, é dicir, da burguesía, o que facilitou o desenvolvemento da diferenciación entre os ámbitos privados e públicos, xa mencionados anteriormente. Nesa época, empezaron a estenderse panfletos e libros onde se definía o comportamento feminino adecuado, co obxectivo de que as mulleres aceptasen o seu rol tradicional de boas nais e esposas. En consecuencia, as mulleres decidiron formarse para ler libros como a Biblia, co resultado inesperado de que comezar a ler as estimulou para querer aprender outras cousas sobre o mundo (Kindersley, 2019).

1.3. AVANCE DO FEMINISMO

Aínda que a orixe do feminismo, como pensamento político artellado arredor da igualdade, se remonte aos albores da Ilustración, resultado da polémica ilustrada sobre a

¹⁰ As persoas que formaban este novo estamento da sociedade eran quen estaban na cabeza das finanzas, do comercio e da industria.

¹¹ A Asemblea Nacional sentou as bases da democracia moderna.

igualdade e a diferenza entre os sexos, non cabe, por elo, deducir que a sociedade do momento fose feminista, como tampouco a inexistencia de voces previas na defensa das mulleres. Como se explicou con anterioridade, dende Christine de Pizan a Poullain de la Barre ou Mary Astell, reivindicáronse maiores dereitos para o colectivo feminino, apuntando, principalmente, ao dereito á educación.

De todo elo extráese que o feminismo non pode considerarse un movemento monolítico, pois xurdiu en momentos e lugares moi diversos e dende enfoques políticos e situacións sociais diferentes. Para dar conta do seu avance ao longo dos séculos, a súa distinción e clasificación en olas resulta fundamental. Sendo cada unha máis ampla que a que lle precede, non son independentes unhas das outras, senón que están intimamente relacionadas. En liñas xerais, mentres a primeira ola analiza a desigualdade, describíndoa sen transformala, a segunda dá paso á acción concreta por medio da toma de conciencia colectiva e a consecución de reclamacións e dereitos; pola súa banda, a terceira ola volve ser descritiva, conceptualizando o patriarcado e logrando a igualdade formal, aínda que non real; e, por último, a esta cuarta ola correspóndelle acadar a igualdade real, para o que está a impugnar os procedementos por medio, principalmente, da mobilización (Miyares, 2018).

1.3.1. PRIMEIRA OLA

Aínda que a Revolución Francesa plantexou como obxectivo central a consecución da igualdade xurídica e das liberdades e dereitos políticos dos cidadáns, excluíu de cheo ás mulleres, do mesmo xeito que o fixeron as revolucións liberais previas. Foi esta contradición a que marcou o inicio inevitable da loita feminista, resoando nesta revolución, por primeira vez, a voz feminina de forma colectiva na defensa das mulleres.

Neste contexto, e mentres a cultura do S. XVIII incitaba ás mulleres a aceptar o seu rol subordinado, elas non tardaron en decidirse a comezar a analizar a súa situación e posición. Algunhas, como Catherine de Vivonne, marquesa de Rambouillet, crearon salóns literarios e políticos, onde se xestaba boa parte da cultura e da política do momento. De París, onde entre 1789 e 1793 se crearon 56 clubs republicanos formados por mulleres que reclamaban a súa participación na esfera pública, estendéronse a Londres e Berlín dando lugar a clubs de gran relevancia no proceso revolucionario, como o inglés “Bluestockings”, que favoreceu un espazo de apoio mutuo onde puideron conversar como persoas libres e iguais e se desenvolveron como escritoras (Kindersley, 2019). Naceron neste tempo, tamén, os Cadernos de Queixas, testemuña

colectiva das esperanzas de cambio das mulleres. Ademais da reivindicación do dereito á educación, ao traballo, aos dereitos matrimoniais e con respecto aos fillos e fillas e do dereito ao voto, apunta Nash (2004) que quedou reflectido o desexo das mulleres de que fora abolida a prostitución, os malos tratos e os abusos dentro do matrimonio. Con todo, ditas queixas nunca foron tidas en conta (Varela, 2019).

Neste sentido, en 1790, mentres en Estados Unidos Judith Sargent Murray avogou polos dereitos das mulleres co seu ensaio *A igualdade dos sexos* (Kindersley, 2019), Condorcet defendeu en Francia que os principios democráticos significaban a extensión dos dereitos políticos a todas as persoas, incluíndo ás mulleres. Un ano despois, Olympe de Gouges publicou a *Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá*, a réplica feminista á *Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán* proclamada en 1789 pola Asemblea Xeral, denunciando o esquecemento das mulleres no proxecto igualitario e liberador revolucionario e chegando, por iso, a ser tratada como unha prostituta¹² (Blanco, 2000). A pesar diso, a Constitución de 1791 afirmou a distinción entre cidadáns activos e pasivos, incluíndo entre os últimos ás mulleres. En Inglaterra, Mary Wollstonecraft escribiu a obra *Vindicación dos Dereitos da Muller* (1792), considerada o primeiro clásico do feminismo, a cal, sen lograr traspasar pequenos círculos intelectuais, abriu camiño ao feminismo do S. XIX¹³. Recollía esta os debates da época, supondo unha alegación contra a exclusión das mulleres por medio da reivindicación moral da súa individualidade e da capacidade de elección do seu propio destino (Varela, 2019). Para a autora, a clave para superar a subordinación feminina estaba no acceso á educación por parte das mulleres. Acuñou, así, dous conceptos radicalmente modernos e aínda en uso na actualidade: a idea de xénero e a de discriminación positiva (Varela, 2019).

Ao fío do anterior, o debate feminista ilustrado elaborou estratexias para lograr a emancipación das mulleres, atribuíndo a supremacía masculina a unha construción social e non a un designio divino, como viña considerando. Con todo, o patriarcado non tardou en reaccionar con saña, excluindo en 1793 ás mulleres dos dereitos políticos recentemente estreados. Disolvéronse os clubs literarios, guillotínouse a Olympe de Gouges e numerosas mulleres foron encarceradas, para, dous anos despois, prohibírselles a asistencia ás asembleas políticas, provocando o exilio doutras tantas. En 1804, co Código Napoleónico, que recollía os avances sociais da revolución, perpetuouse a súa minoría de idade, negándoselles o acceso á

¹² O seu nome apareceu no *Pequeno Dicionario dos Grandes Homes* e na *Lista de prostitutas de París*.

¹³ As palabras da escritora atoparán o eco necesario nas obras de futuras feministas, como Simone de Beauvoir.

educación media e superior, e impuxéronse leis que as relegaban ao espazo doméstico e castigaban duramente o adulterio e o aborto. Ningunha muller era dona de si mesma, carecendo todas do que a cidadanía aseguraba: a liberdade (Valcárcel, 2000). Así, aínda que neste século as mulleres tomaron clara conciencia como colectivo oprimido e lograron sentar as bases do feminismo dende a interpelación moral, a primeira derrota flagrante do movemento quedou patente, máis isto só supuxo un pulo para a seguinte xeración de mulleres loitadoras, as sufraxistas, quen tiveron como obxectivo principal o dereito ao voto e a entrada nas institucións educativas.

1.3.2. SEGUNDA OLA

Na segunda metade do S. XIX, coa Declaración de Sentimentos de Seneca Falls de 1848, asinada na primeira convención de dereitos das mulleres organizada por Elizabeth Cady Stanton, nace unha segunda ola máis radical que a anterior. Nesta época, mentres o Iluminismo proclamaba a igualdade social, a práctica demostrou que esta non era extensible ás mulleres. Pola súa banda, a Revolución Francesa non cumpriu coas súas promesas e, en consecuencia, as mulleres comprenderon que debían loitar de maneira autónoma para lograr as súas reivindicacións (Gamba, 2008). Así, unha primeira interpelación moral deu paso á interpelación política, ampliando o espectro da loita e revisando as raíces da opresión co obxectivo de conseguir a completa liberación das mulleres (Kindersley, 2019).

Aínda que a principal demanda das mulleres deste tempo foi o dereito ao sufraxio, a partir do cal esperaban acadar as demais conquistas, analizaron tódolos aspectos da sociedade, destacando a sexualidade, a relixión e o poder, coa finalidade de redefinir a cultura e a sociedade a través do activismo político. As primeiras actuacións destacables por parte deste movemento, coñecido como sufraxista, teñen que ver coa súa participación nas sociedades antiescravistas e coa fervente reclamación do dereito ao voto feminino trala súa consecución por parte das persoas negras (Gamba, 2008). Así mesmo, realizaron peticións en favor de erradicar a discriminación e de mellorar as condicións laborais¹⁴, as cales lograron provocar axitados debates parlamentarios. A tal fin, estas feministas pola igualdade de dereitos, centradas na igualdade salarial, fomentaron as folgas de mulleres traballadoras, conseguindo a

¹⁴ Aínda que o movemento sufraxista estaba liderado por mulleres burguesas, tamén participaron nel moitas mulleres de clase obreira.

revalorización do traballo non remunerado por parte das nais e amas de casa (Varela, 2014). Ademais, en 1903 crearon a Woman's Social and Political Union, dirixida por Emmiline Pankhurst, motivando a unión das mulleres máis aló das súas diferenzas de clase. Esta asociación foi declarada ilegal en 1912 e as súas compoñentes foron perseguidas e encarceradas. Posteriormente, coa Primeira Guerra Mundial, o goberno británico proclamou a amnistía para estas sufraxistas, encomendándolles a organización do recrutamento de mulleres co fin de substituír a man de obra masculina durante a guerra. Unha vez finalizada, as mulleres conseguiron o dereito ao voto en case tódolos países europeos, producíndose un refluxo das loitas feministas (Gamba, 2008).

Neste punto, é importante salientar que as propostas do sufraxismo cuestionaron, tamén, a orde social, económica, cultural, psicolóxica e moral da época. Ao longo do desenvolvemento da súa loita produciuse unha importante redefinición da moral sexual existente. Tanto é así que as sufraxistas enfrontaron a ideoloxía patriarcal que defendía a existencia de dúas esferas separadas, a pública e a privada, onde se obxectivaba á muller como sexual. Desta maneira, rexeitaron a idea de culpabilizar ás mulleres prostituídas das enfermidades de transmisión sexual e comezaron a sinalar aos prostituídores e aos proxenetes, inclusive ao Estado, como os responsables. No seo do feminismo, iniciouse con elas un movemento denominado abolicionista, con Josephine Butler¹⁵ á cabeza, o cal consideraba a prostitución como a forma máis extrema de explotación e violencia de xénero (de Miguel e Palomo, 2011). Por último, cabe destacar que aínda que sempre que se fala da época dourada do sufraxismo é inevitable aludir ás activistas que floreceron en Estados Unidos e Gran Bretaña (Rubio, 2004), o certo é que a extensión do movemento foi moito maior. Con todo, en América Latina o sufraxismo non tivo a mesma relevancia que en Estados Unidos ou Europa (Gamba, 2008). Do mesmo xeito, no caso concreto de España, non foi ata a 2ª República cando comezou a debaterse o dereito ao voto feminino (Rubio, 2004).

1.3.3. TERCEIRA OLA

Pese aos numerosos aportes e reivindicacións do feminismo anterior, non foi ata a chegada do feminismo radical da terceira ola cando a sexualidade das mulleres adquiriu a

¹⁵ Esta sufraxista apuntaba que unha lexislación xusta só sería posible cando as mulleres estivesen adecuadamente representadas, é dicir, mediante o sufraxio.

relevancia anhelada. Ata o de agora, reformadoras como Josephine Butter sinalaran a dobre moral sexual existente na sociedade, a cal fomentaba a liberdade sexual masculina pero non así a feminina, como demostraba a actitude ambigua ante a prostitución. A pesar do tabú social respecto de que as mulleres falasen de sexo, as feministas trataron o tema como clave da opresión por parte dos homes. Deste xeito, esta etapa do feminismo centra o foco na poderosa industria do sexo que comezara a xestarse nas sociedades contemporáneas.

Como detonante dunha nova e máis contundente resposta feminista, a denominada ‘revolución sexual’, a cal, iniciada nos anos sesenta en Occidente e inspirada tanto no movemento hippy como no espírito revolucionario de maio do 68, clamaba unha maior liberdade sexual así como a ruptura dos ríxidos códigos de conduta sexual establecidos (Cobo, 2015). Resultado tanxible dunha atmosfera fortemente contracultural, baseada no inconformismo e a crítica á orde establecida, esta revolución sexual influíu dun modo moi relevante no cambio de valores producido na cultura occidental no último medio século, contribuindo na configuración das representacións e imaxes e, tamén, nas perspectivas de millóns de persoas sobre a forma de vivir a sexualidade. Con todo, debido á forma patriarcal en que se desenvolveu, as críticas desta cara ao modelo de familia tradicional non chegaron a poñer en cuestión nin o seu carácter patriarcal nin tampouco heterosexual (Cobo, 2015). Así, o feminismo radical foi capaz de extraer unha reflexión de calado, entendendo tanto a asimetría revelada no seo do binomio da familia (institución heteropatriarcal) e da heterosexualidade (institución fundamental para a reprodución das sociedades patriarcais) como a cegueira respecto da liberdade real das mulleres, no referido a tal familia e a tal sexualidade, apuntando que o parámetro foi sempre o do home e non o da muller. Mentres para os homes suporía a posibilidade de usala a súa sexualidade fora do matrimonio con total liberdade, para as mulleres só significaría a dispoñibilidade sexual completa para estes, nun mercado libre e sen límites que entende os seus corpos como mercadorías das que se extraen as plusvalías necesarias para a reprodución social dos patriarcados contemporáneos e do capitalismo neoliberal (Cobo, 2015).

Con todo, ao éxito deste feminismo radical, non tardou en sobrevivir unha campaña antifeminista na década de 1980, dada polo desenvolvemento dunha forte reacción patriarcal¹⁶, como resposta ás conquistas das mulleres e ao rearmamento ideolóxico feminista das décadas

¹⁶ Susan Faludi (1993) apelou ao nacemento dunha cultura antifeminista como intento do patriarcado de deslexitimar o avance das mulleres.

de 1960 e 1970, pois as elites comprenderon rápido que as propostas do feminismo radical non só pretendían transformar as estruturas patriarcais senón que lograban convencer da xustiza das súas reivindicacións a sectores importantes da sociedade. Non tardou en difundirse, dende os espazos dominantes, a idea de que dita reacción non era máis que parte do restablecemento da orde natural das cousas, a cal incluía a necesaria volta aos vellos códigos patriarcais tras un paréntese dominado pola desorde sexual. Unha vez máis, a ideoloxía patriarcal reelaborou o seu discurso sobre o papel social das mulleres, abocándoas á familia e á domesticidade, reconceptualizándoas en clave de inferioridade ontolóxica e, ao tempo, redeseñando o ideal de feminidade, sobrecargado, agora, de sexualidade para maior satisfacción dos desexos masculinos. Todo iso ao amparo do clamor por unha liberdade sexual que, absorbida selectivamente polo pensamento patriarcal, só conseguiu ampliar o marco de dereitos masculinos (Cobo, 2015) en detrimento dos femininos. Nin máis pracer, nin tampouco máis liberdade pois, como expón acertadamente Illouz (2014), pode detectarse o pulo patriarcal cando, a través do sexo e da sexualidade, se mostra a mulleres simulando a súa emancipación baixo a ideoloxía da libre elección. Este resultou ser o perfecto escenario en que se xestou a industria do sexo, a cal, con base, de novo, na sexualidade masculina como pulsional e irrefreable, requiriu da dispoñibilidade sexual das mulleres (Cobo, 2015).

Cabe destacar, con todo, que a articulación colectiva feminina no marco do movemento feminista radical, as súas elaboracións teóricas e as súas creativas prácticas políticas confluíron na creación dunha subxectividade potente, crítica e transformadora, que desembocou en dereitos que reforzaron a autonomía e independencia das mulleres, potenciando as posibilidades de deseño, para moitas delas, do seu propio proxecto vital, co derivado distanciamento das estruturas patriarcais que isto supón, pois os procesos de individuación debilitan os sistemas de poder (Cobo, 2015).

As feministas desta ola comezaron a criticar o modelo patriarcal instaurado sobre a beleza e a sexualidade, por consideralo, como Beauvoir (2017), unha construción social baseada na irrealidade co claro obxectivo de controlar e dominar ás mulleres. Defenderon a idea de que a sexualidade é política e refutaron os argumentos dos sexólogos da época, os cales responsabilizaran ás mulleres de non chegar ao orgasmo vaxinal e negaran a existencia doutro tipo de orgasmo. Con todo, Anne Koedt e, posteriormente, Shere Hite cuestionaron ditas nocións e comezaron a reivindicar o pracer sexual como un dereito para as mulleres (Koedt e Mingo, 2001). De maneira análoga, avogaron pola liberación da muller en 1968, coas protestas contra o concurso de beleza anual Miss América. Pouco despois, en 1970, Carol Hanischi

publicou o ensaio *O persoal é político*¹⁷, enunciado co que se reclamaba a importancia de recoñecer as experiencias das mulleres a través da concienciación (Kindersley, 2019).

Do mesmo xeito, o feminismo do momento avanzou no seu crecemento coa creación de máis grupos feministas. Xorden, en 1969, as Redstockings, tras a disipación do grupo New York Radical Women, con Shulamith Firestone e Ellen Willis á cabeza e a finalidade de poñer fin á opresión das mulleres reclamando a soberanía sobre o propio corpo a través de cambios radicais na sociedade (Kindersley, 2019). É preciso destacar a figura da primeira de ambas, autora en 1970 da *Dialéctica do sexo*, obra na que sostén que é na desigualdade entre os sexos onde radican as diversas formas de opresión e que esta se atopa moi ligada ao modelo de familia tradicional e nuclear (Firestone, 1976). Continuando este pensamento, Germaine Greer publicou, no mesmo ano, *A muller eunuco*, obra referente da terceira ola, no cal se argumenta que as mulleres son consideradas obxectos sexuais para o uso doutros seres, en concreto, dos homes (Greer, 2012).

En adiante, Naomi Wolf (1990), xa a finais da terceira ola, retomou a reivindicación das súas compañeiras con respecto ao ideal de beleza imposto ás mulleres, apuntando a un detrimento nos avances do colectivo feminino dadas as normas de beleza predominantes e expondo como o mito da beleza obriga ás mulleres a esforzarse por alcanzar un ideal feminino que, en último termo, é imposible. Tras analizar diversos ámbitos como o traballo, a cultura, a relixión, o sexo ou a alimentación, concluíu na desvalorización por parte da sociedade daquelas que se atopan fóra dos parámetros de beleza establecidos polos homes, así como na importancia dada, entre outras cuestións, a compracelos sexualmente e a proxectar unha imaxe erotizada. En canto ao último, Wolf abordou, ademais, a obxectivación sexual das mulleres por parte dos homes, que, ao seu modo de ver, as conduce a un continuo esforzo por ser sexualmente desexables para eles, mentres as afasta da loita polo cambio social en favor da igualdade negada. Nesta mesma liña, outras teóricas feministas analizaron o modelo hexemónico de femineidade en base á sexualidade, centrándose no corpo das mulleres como o soporte da desigualdade (Maffia, 2011) e como un lugar central de opresión e subordinación, apuntando á disciplina deste, tanto para a reprodución como para a dispoñibilidade sexual dos homes, como un dos principais obxectivos do dominio patriarcal e capitalista sobre as mulleres (Cobo, 2015).

¹⁷ Hanischi non quixo atribuírse a autoría desta consigna do feminismo.

Cabe puntualizar, por último, que co avance do feminismo da terceira ola xurdiron teorías novas que nalgúñas ocasións entraron en conflito cos conceptos de sexo, xénero e etnia. Algunhas feministas reformularon o significado do movemento, considerando que a loita non se trataba só de conseguir a igualdade laboral e civil respecto dos homes, senón que o feminismo ía máis aló. As mulleres estaban orgullosas polos méritos obtidos trala segunda ola e querían comezar a construír a sociedade sobre eles, considerando que o feminismo debía adaptarse a unhas circunstancias cambiantes. Claro exemplo desta nova esencia foi o movemento Riot Grrrl, nacido en 1990 e ligado ás situacións cambiantes da sociedade. Mesturando a música punk e a conciencia feminista e resaltando a necesidade do empoderamento das mulleres, arroxaban unha imaxe de persoas poderosas que vestían como querían á vez que realizaban unha crítica ás expresións micromachistas a través do emprego das mesmas, é dicir, recuperando insultos xeralmente usados cara ás mulleres con connotacións positivas. As súas temáticas principais foron o abuso doméstico, a violación, o patriarcado e a sexualidade, defendendo en todo momento a forza das mulleres e entre mulleres (Kindersley, 2019).

En consonancia co anterior, apunta Rebeca Walker (1992) que a nova loita haberá de salientar a análise do racismo, o clasismo e o sexismo. Así, a autora evidencia que a loita está lonxe de acabar xa que a igualdade entre homes e mulleres non é real, denunciando, ademais, a pasividade social ante o acoso sexual. Tras ela, Jennifer Baumgardner e Amy Richards (2000) manifestan a necesidade de moldear o feminismo ás necesidades das mulleres do momento, para o que sería necesaria a reflexión sobre tres eixos: raza, xénero e clase¹⁸.

1.3.4. CUARTA OLA

O feminismo finaliza o S. XX inmerso nun debate interno do que, con todo, sae cunha potencia que logra asombrar ao mundo. Tanto é así que, no S. XXI comezan a sucederse unha serie de rotundas manifestacións nos distintos continentes, cunha afluencia e capacidade de mobilización nunca antes vistas (Varela, 2019). Quizais o trazo máis característico da denominada cuarta ola, a cal abarca dende a década de 1980 e 1990 ata a actualidade, sexa a súa capacidade mobilizadora a nivel internacional, pois non existe un só país no mundo sen presenza de organizacións feministas ou asociacións que defendan os dereitos das mulleres, o

¹⁸ En 1989 xorde o concepto de interseccionalidade da man de Kimberlé Crenshaw.

que, fundamentalmente, dende o ano 2012, está a converter o feminismo nun movemento de masas por terceira vez na súa historia (Cobo, 2021).

Nada do anterior resulta casual pois a cuarta ola soubo identificar a política sexual do neoliberalismo desenmascarando a misoxinia que alimenta o seu núcleo duro, defensor da compra e venda de todo canto existe, como ocorre coas mulleres mediante a explotación económica e sexual. Fronte a isto, as feministas volveron a esixir políticas de redistribución e a colocación na primeira liña de debate político da precarización das vidas das mulleres, rompendo o silencio, especialmente no que a violencia sexual¹⁹ se refire (Varela, 2019). O principio ético e político de igualdade está no corazón da vindicación feminista e, agora máis que nunca, insírese na Modernidade máis crítica e radical por medio da universalización (Cobo, 2018). Ademais, neste tempo e proceso, o feminismo logrou ensancharse, facéndose global internamente para, posteriormente, facerse global externamente, sendo capaz de situar no centro simbólico da sociedade a necesidade de xustiza para as mulleres²⁰ (Varela, 2019).

Como se expuxo, a característica esencial que o vertebra versa da súa presenza global pois, por primeira vez na Historia, non existe un só país sen organizacións ou asociacións feministas. Novos países e novas zonas do mundo fóronse incorporando ao proceso e, en consecuencia, as mulleres de cada sociedade, dun modo interxeracional e a pesar das fortes resistencias, lograron deseñar as súas propias axendas feministas (Cobo, 2018). Revélase, por todo elo, a cuarta ola como mostra da globalización do feminismo, o que patenta tanto a credibilidade e a necesidade das ideas feministas como o crecemento da conciencia social crítica fronte á desigualdade e á explotación económica e sexual das mulleres. Así, a lexitimación política deste movemento supón unha forte e crecente fonte de presión contra os sistemas patriarcais, neoliberais e capitalistas (Cobo, 2018). Dita globalización representa ás masas de mulleres que, como xenérico mercado pola heteroxeneidade, articulan a construción dun 'nós' valéndose de ferramentas que as conectan e expanden cada día máis, como o ciberactivismo. Do mesmo xeito que cada unha das olas anteriores xurdiron á vez que se producía unha crise civilizadora, é dicir, que cambiaban os sistemas políticos e económicos mundiais, a cuarta ola é coetánea da Sociedade da Información, na cal o activismo en liña posibilita unha multitude conectada que difunde e amplifica as vindicacións feministas e

¹⁹ Enténdese por violencia sexual o acto de coacción ou ameaza cara a unha muller cunha finalidade sexual, así como calquera insinuación ou comentario sexual non desexado e o feito de cosificarla (Orjuela, 2012).

²⁰ Esta vindicación feminista é compartida tanto por mulleres alleas ao movemento como por amplos sectores sociais incluso os integrados por grupos de homes.

favorece unha maior e mellor organización e unha institucionalidade representativa propia, coa dinamización e o respaldo do tecido asociativo, especialmente de tipo informal (Sosa, Galarza e Castro-Martínez, 2019).

Neste sentido, mentres continúa gañando visibilidade e lexitimidade, no feminismo da cuarta ola coexisten estratexias defensivas e ofensivas, variables en función da correlación de forzas de cada sociedade, que haberán de facer fronte aos intentos de reacción patriarcal, os cales se están rearmando dados os avances do movemento. Así, aínda que nas tres primeiras olas o obxectivo político foi acadar os dereitos que posuían os homes e erosionar os privilexios patriarcais, esta nova ola foi posible grazas á transformación ideolóxica que tivo lugar no interior do propio movemento, isto é, no desprazamento do foco de atención ao interior das mulleres como xenérico subordinado e, polo tanto, ao interior do feminismo (Cobo, 2018). En palabras de Mohanty (2008), haberá de producirse un cambio de mirada, de dentro cara a fóra, co fin de formar solidariedades informadas e autorreflexivas entre as mulleres, pois un feminismo transformador e eficaz politicamente haberá de construír un discurso e unha praxe equilibrada entre a loita contra as estruturas patriarcais e a reflexión autocrítica, preservando a autonomía política e teórica. Sen conseguir poñer fin á reacción patriarcal, a cuarta ola logra interpelar con forza o discurso antifeminista en moitas sociedades converténdose nunha fonte de deslexitimación da súa narrativa (Cobo, 2018).

Ao fío do anterior, chega a hora de apuntar ás vindicacións desta cuarta ola, intimamente relacionada coas desenvolvidas en olas anteriores, exaltando que é este o momento en que as reclamacións, accións e mobilizacións están a impugnar, por primeira vez, os procedementos (Varela, 2019). Mantendo no corazón do seu corpo vindicativo a violencia sexual, asístese a un novo espertar, unha toma de conciencia maioritaria e unha loita sen precedentes contra a verdadeira raíz da opresión das mulleres, a cal non só produce plusvalía económica senón, tamén, sexual (Cobo, 2018). Dunha parte, a primeira vindicación versa da loita contra a prostitución e da súa politización, a través da demostración do cruzamento dos principais sistemas de poder no seu seo (Cobo, 2021), pois as mulleres prostituídas son receptoras de violencia masculina, económica e racial. Así, a proposta política do abolicionismo convértese nun nervio que percorre o movemento feminista poñendo en cuestión tanto o sistema patriarcal como o capitalista neoliberal e as prácticas coloniais sobre as que se asentán ámbolos sistemas de poder. Doutra parte, a segunda vindicación versa da precarización do mercado laboral para as mulleres e da feminización da pobreza, dada da cantidade de traballo gratuío que estas realizan e do aproveitamento das economías criminais que as

convर्टen en servidoras sexuais e reprodutivas, comendo un novo mapa de pobreza feminina (Cobo, 2018).

En ambos sentidos, a violencia sexual sufrida polas mulleres eríxese como un alicerce fundamental na loita feminista, por demostrarse como unha praxe planeada do sistema e estar culturalmente xustificada pola linguaxe, sendo, nalgúns ocasións, impune xuridicamente (Sierra e Linares, 2014). Para poder comprender dita substantividade é necesario entender o fenómeno como un problema de xénero que esixe un enfoque holístico. Do mesmo modo, esta realidade é percibida na actualidade, en boa parte, grazas aos estudos históricos que evidencian que dita situación non cambiou para as mulleres (Afanador e Caballero, 2012). É grazas ao avanzado pola postura feminista radical dende onde se pode explicala cuestión, pois a muller foi historicamente colocada nunha posición de inferioridade e é dende ese plano dende o cal se xustifica a violencia exercida sobre ela. Kate Millett (1995), unha das máximas representantes da terceira ola, expresou como o sexo é unha categoría con implicacións de poder, é dicir, con tintes de relacións de supremacía, nos cales os homes son os dominantes. De acordo con este precepto, Susan Brownmiller (1975) sostivo que pode entenderse a violencia sexual como unha ferramenta empregada de maneira consciente para que os homes afirmen a dominación sobre o corpo das mulleres, xustificada a través do imaxinario social que considera o corpo destas posesión dos homes, á vez que considerou a violación como a forma dos homes para exercer poder sobre elas e denunciou a impunidade na comisión de tal acto.

Con este antecedente, comeza a conceptualizarse a cultura da violación, facendo referencia aos métodos que utiliza a cultura patriarcal para naturalizar a violencia sexual. As feministas empezan a analizar, tamén, a cultura de silencio que a rodea, considerada un tema tabú, onde predomina o medo nas mulleres á hora de falar dela xa que a sociedade as xulga en primeira persoa, chegando mesmo a culpalas pola violencia sexual sufrida, coa xustificación da imposición de normas de conduta e vestimenta (Kindersley, 2019) que resultan, na actualidade, arcaicas e carentes de sentido. A este senso, é preciso apuntar o papel dos entes gobernamentais e de toda a estrutura social na ontoloxización da violencia sexual, pois as medidas tomadas na súa erradicación responderon, maiormente, á obriga dada da forza feminista. Por elo, resulta imprescindible dar visibilidade á violencia sexual, xa que, ademais do dano causado no momento, xera numerosas consecuencias de calado e a longo prazo nas mulleres. Igualmente, dita violencia vai sempre acompañada doutras como a psicolóxica, a física ou a económica (Sierra e Linares, 2014). Tamén, resulta necesario entender que a

violencia sexual é como un iceberg, na punta visible atópanse os casos denunciados e nos cales se basean as estatísticas, pero debaixo dela existe un gran número de mulleres que aínda viven dita realidade en silencio.

Pódese dicir que, dende o feminismo da segunda ola, o movemento feminista desafiou con crecente éxito e notoriedade o sistema sexual establecido para, en pleno S. XXI, elevar a denuncia da violencia sexual, sendo cada vez máis numerosos os acontecementos que deron visibilidade a esta problemática e esixiron solucións fronte a esta realidade. Grazas a que as mulleres se uniron, a súa voz potenciouse e, como proba tanxible diso, así o demostran os múltiples acontecementos sucedidos en relación ao longo dos últimos anos (Kindersley, 2019).

En primeiro lugar, cabe destacar que a partir da década que segue ao ano 2000, numerosas feministas que van dende autoras como Amelia Valcárcel a debuxantes como Moderna de Pueblo ou Lola Vendetta ou actrices como Emma Watson, entre outras, se converteron en referentes para as nenas e adolescentes, comezando a ter un gran eco en tódalas sociedades do mundo. Ademais, en 2006, Helen Pankhurst empregou por primeira vez a expresión Me too (eu tamén) para promover a sororidade entre as sobreviventes negras, coa finalidade de transmitir a mensaxe de que non estaban soas. Coa esta expresión como referencia, en 2017, tras publicar o *New York Times* diversas acusacións de violencia sexual contra o produtor cinematográfico Harvey Weinstein, despois da denuncia de Ashley Judd, mulleres como Angelina Jolie e Gwyneth Paltrow falaron sobre as súas experiencias de abusos sexuais na industria cinematográfica. Pero Weinstein non foi o único, xa en 2015 Bill Cosby fora denunciado por abusos sexuais nun artigo xornalístico. Con todo, o seu caso logrou desencadear unha masiva campaña contra a violencia sexual así como unha transformación integral no imaxinario social sobre esta realidade. A publicación por parte da actriz e activista Alyssa Milano dun comentario en redes sociais convidando a tódalas mulleres a responder ao #MeToo conseguiu converter esta consigna nun fenómeno viral, con miles de mulleres de diversas partes do mundo denunciando millóns de experiencias de violencia sexual. Tanto é así que esta etiqueta se traduciu a diferentes idiomas completando así o seu éxito: #QuellaVoltaChe (#AquellaVezQue), #BalanceTonPorc (#DenunciaATuCerdo) e #YoTambién. Un ano despois, a iniciativa Time's Up tivo como obxectivo crear un fondo monetario para fomentar estas denuncias por parte das mulleres. De maneira análoga, as mulleres non só comezaron a revelar as súas experiencias senón a dar visibilidade aos danos psicolóxicos e emocionais consecuentes á violencia sexual. Por último, apuntar que estes

movimentos non quedaron nas redes sociais, senón que se materializaron na vida real e na rúa a través de sucesivas e multitudinarias protestas e manifestacións. En España, o mellor exemplo veu dado pola decisión das feministas de lanzarse á rúa pedindo unha xustiza equitativa tras a violación múltiple de 2016 pola autodenominada ‘manada’, algo que calou en tódolos extremos do planeta a través de consigna ‘Yo si te creo, hermana’²¹.

Con tales vindicacións por bandeira e coa demostración da globalización feminista como sustento, parece ser este o mellor momento para o desenvolvemento dunha acción colectiva tan eficaz e de tal magnitude que logre as melloras necesarias a nivel social e humano para que unha quinta ola, se houbera de producirse, poida partir de premisas diferentes e máis sinxelas no avance das mulleres, dado que o ansiado pola cuarta ola xa terá sido conseguido.

2. HISTORIA DO ABOLICIONISMO DA PROSTITUCIÓN

Ao longo dos séculos, as feministas denunciaron o sexismo implantado historicamente, o cal denosta e subordina ao colectivo feminino por medio dunha socialización diferencial con base no corpo das mulleres, ontoloxizando múltiples prácticas de violencia cara a estas. Con base no mesmo, o patriarcado argúe unha sexualidade dicotómica e estritamente diferente entre homes e mulleres, que versa da irrefreabilidade deles e a distinción delas entre privadas e públicas, as prostituídas, a fin de anular a autonomía sexual do conxunto de mulleres (Gimeno, 2012).

Posto que para o abolicionismo a ideoloxía subxacente á prostitución²² é a mesma que subxace á violencia de xénero (Gimeno, 2012) e o armazón de sustento do sistema prostitucional se demostrou como unha reacción patriarcal que dificulta o avance do feminismo (Cobo, 2011), a loita deste movemento buscou non só deslexitimar esta práctica mediante a súa teorización, senón, tamén, a súa completa erradicación artellando a acción, todo elo en aras da consecución dunha sociedade realmente igualitaria para as mulleres, onde, dunha vez por todas, poidan ser libres.

²¹ Tódolos feitos citados nesta parte corresponden ao dominio público e marcaron a vida das mulleres e homes desta etapa en todo o planeta.

²² Ou ideoloxía da prostitución.

Ao fío do anterior, un primeiro afondamento na orixe e progreso deste movemento, con incidencia na historia do mesmo en España, dará paso á relación que o une ao feminismo, patentada a través das consideracións das voces feministas históricas contra a prostitución.

2.1. ORIXE E PROGRESO

Un dos grandes desafíos teóricos do feminismo do S. XIX foi o de desartellar a ideoloxía da natureza diferente e complementaria dos sexos, o que significou non só enfrontarse á autoridade dalgúns dos máis grandes filósofos da Ilustración, senón á asunción histórica por parte da sociedade das grandes diferenzas entre as capacidades e aspiracións de homes e mulleres²³. Co obxectivo da desartellamento de todo este sistema de pensamento, crenzas e actitudes en canto a unha orde social que se consideraba eterna e universal, o feminismo houbo de argumentar razóns de peso que demostrasen a existencia dun sistema de dominación amparado no consentimento a fin de poder cambialo. De feito, a loita das sufraxista foi, en boa medida, un intento por desactivar os ancestrais prexuízos que pesaban sobre a condición feminina para redefinila en condición humana. Entroncada a este cuestionamento crítico da ideoloxía patriarcal, comezou a poñerse atención, por primeira vez, na denominada ideoloxía da prostitución, a cal incidía en que a prostitución de mulleres, co fin de que os homes accedesen libremente aos seus corpos para satisfacción dos seus desexos e pracer sexual, era un fenómeno ahistórico, atemporal e inmutable²⁴. Fronte a esta visión hexemónica, teóricos e activistas de ambos sexos loitaron pola igualdade, denunciando como a prostitución constitúe unha relación de explotación e opresión entre homes e mulleres, onde as grandes prexudicadas son elas²⁵ (de Miguel e Palomo, 2011).

Aínda que o movemento sufraxista foi moi heteroxéneo en canto a ideoloxía, compartiu unha mesma perspectiva no referido á desigualdade da muller na institución matrimonial e, sobre todo, na prostitución, a cal, ao seu modo de ver, era a forma máis extrema de opresión patriarcal. Con todo, a moral vitoriana impediu que moitas das nadas antes de 1850, como Millicent Garrett, Frances Power ou Elizabeth Wostenholme fixesen súas as demandas en

²³ Estas aceptaban sen discusión a súa inferioridade e asumían, en consecuencia, o seu destino sexual como froito da súa propia inclinación persoal.

²⁴ Defendíase a prostitución como o oficio máis antigo do mundo.

²⁵ Aínda que tamén eles, pois esta ideoloxía sostén constantemente a súa suposta debilidade.

relación á dobre moral sexual e á prostitución máis aló de círculos privados. Non ocorreu así coa súa coetánea Josephine Butler, quen, coa experiencia adquirida nas campañas contra a escravitude negra dos anos corenta e non sen escándalo, rompeu o pacto de silencio para denunciar as *Leis de enfermidades contaxiosas* a principios da década de 1870 (de Miguel e Palomo, 2011).

Estas leis foran sucesivamente aprobadas polo Parlamento británico²⁶ en 1864, 1866 e 1869, coa pretensión de regular estatalmente a prostitución e controlar as enfermidades venéreas que se estendían como unha epidemia. Mentres a primeira obrigaba a revisar a calquera muller prostituta da que se alegase que estaba infectada, con médicos oficialmente designados para iso, a segunda creaba unha especie de forza médica policial para patrullar os portos e cidades ‘perigosas’ e obrigar ás mulleres con aspecto de prostitutas a examinarse os xenitais. Pola súa banda, a terceira ía un paso máis aló, obrigando ás mulleres prostituídas a rexistrarse oficialmente e levar consigo un carné que certificase que estaban sas, sexualmente falando. Con tales obxectivos, outorgábase aos homes o control sobre o corpo das mulleres, en aras dunha suposta mellora da saúde pública, ao culpabilizar ás mulleres prostituídas²⁷ do deterioro da saúde e do benestar social colectivo. A obrigación de someterse a exames médicos agresivos e degradantes, podía dar paso a hospitalizacións forzosas e, en caso de negarse, poderían ser detidas e mesmo encarceradas²⁸, carecendo do dereito a defenderse por medio da apelación (de Miguel e Palomo, 2011).

Butler, que recollera os testemuños destas mulleres, as cales cualificaban os exames médicos como auténticas violacións, denunciou mediante os seus argumentos este modelo regulacionista que, con todo, non esixía ningunha demostración do estado de saúde sexual dos homes. Fíxoo a través da formación da International Women`s Association²⁹ e da publicación dun manifesto no ano 1870 no xornal *Daily News*, asinado por cento corenta mulleres, entre elas Harriet Martineau e Lidia Becker ou Florence Nightingale, integrantes da National Society for Women`s Suffrage³⁰. Co obxectivo claro de abolir a prostitución, cinco anos despois,

²⁶ Baixo o amparo da alianza entre sectores políticos, da saúde pública e o estamento militar, preocupados por asegurar a subministración de mulleres libres de enfermidades aos soldados.

²⁷ E, polo tanto, a todas aquelas que fosen acusadas de exercer a prostitución, fóra ou non verdade.

²⁸ Moitas mulleres preferiron ir a prisión antes que pasar polo suplicio deste exame médico, cun instrumental e unhas condicións hixiénicas que propiciaban os rachos e as infeccións.

²⁹ Asociación Internacional de Mulleres.

³⁰ Sociedade Nacional de Mulleres Sufraxistas.

fundou a Federación Abolicionista Internacional e comezou a reunirse con mulleres doutros países que tamén loitaban contra a nova discriminación legal que se lles impuña polo feito de selo, outorgando ao movemento iniciado para erradicar a prostitución un alcance case global (de Miguel e Palomo, 2011).

As fortes mobilizacións sociais derivadas obrigaron ao goberno británico a convocar no mesmo ano unha comisión de notables para fundamentar mellor a súa postura con respecto ás citadas leis. Nela, cabe destacar a figura de John Stuart Mill, cuxa postura foi a dunha oposición inquebrantable e absoluta a esta regulación³¹, en base á consideración da súa intromisión ilexítima na liberdade das mulleres e por medio da denuncia dun Estado proxeneta que co seu poder material, legal e simbólico avalaba un mercado para a prostitución, fomentándoa para despois penala. Pero non só iso, Stuart Mill atreveuse a responsabilizar ao prostituidor dos contaxios, defendendo o dereito ao divorcio das mulleres contaxiadas polos seus maridos. Finalmente, o activismo sen precedentes³² destas mulleres, e tamén dalgúns homes, denunciando a impunidade da explotación sexual conseguiu cambiar a vontade do poder político e o goberno liberal revocou as leis en 1886 (de Miguel e Palomo, 2011). Anos máis tarde, asináronse por primeira vez dous acordos multilaterais en materia de prostitución, o Acordo Internacional para a Supresión de Trata de Brancas (1904) e o Convenio Internacional para a Supresión do Tráfico de Trata de Brancas (1910). No ano 1910, a campaña sufraxista iniciada por Butler acadou o seu momento álxido coa intensificación da actividade militante na rúa, a cal non tardou en ser dura e violentamente reprimida polo goberno liberal da época. Este ambiente facilitou que as mulleres máis novas do sufraxismo visen as súas preocupacións sobre a sexualidade como algo inseparable da loita política polo voto. Tanto é así que, nos seus escritos e relatorios públicos, comezaron a tratala deslexitimación da dobre moral sexual, o contrato matrimonial e a prostitución. Aínda que durante a Primeira Guerra Mundial rexurdiu o regulacionismo das enfermidades venéreas a través da *Defence of the Realm Act*³³ (de Miguel e Palomo, 2011), conseguindo encarcerar a sufraxistas como Sylvia Pankhurst, a semente estaba plantada e, en diante, o feminismo continuou coa loita iniciada, aínda cando tivo que facer fronte ao rexeitamento e a represión por parte da sociedade.

³¹ Seguramente esta foi a primeira vez na Historia que un pensador cuestionou o dereito dos homes a acceder ao corpo das mulleres.

³² A conformación na sociedade civil dun movemento liderado e militado por mulleres chegouse a describir como 'a primeira revolta feminista de estatura'.

³³ *Lei de Defensa do Reino.*

O camiño cara á abolición da prostitución auspiciado por Butler atopou espazo no último século. Así, na Convención de Nacións Unidas (1949), por primeira vez e por medio do Convenio Internacional para a Represión e Trata de Persoas e da Explotación Sexual da Prostitución Allea, ou Lake Success, aprobado en mellora dos xa existentes e que entrou en vigor en 1951, prohibiuse a penalización das prostitutas para criminalizar a tódolos que participaran na explotación da prostitución allea, considerando que “a prostitución e o mal que a acompaña, a trata de persoas con fins de explotación sexual, son incompatibles coa dignidade e o valor da persoa humana e poñen en perigo o benestar do individuo, da familia e da comunidade”. Esquecía, con todo, aos prostituidores como responsables da demanda de prostitución, a pesar do clamor das voces abolicionistas. Igualmente, a Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (1979), proclamou a supresión de tódalas formas de trata e explotación sexual das mulleres. Tempo despois, o Protocolo de Nacións Unidas para Previr, Reprimir e Sancionar a Trata de Persoas, especialmente de Mulleres, Nenas e Nenos (2000), ou Protocolo de Palermo, sostivo que por ‘trata de persoas’³⁴ se entenderá “a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra, con fins de explotación. Esa explotación incluírá, como mínimo, a explotación da prostitución allea ou outras formas de explotación sexual”, cuestionando, ademais, o consentimento. Como apunta Nuño (2017) o dereito internacional cualifica a prostitución como unha violación dos dereitos humanos e, aínda podendo existir prostitución voluntaria, o mercado prostitucional aliméntase, fundamentalmente, da trata de mulleres.

Cabe destacar, no ano 1999, a aplicación, por primeira vez na Historia, do modelo abolicionista en Suecia. En base ao mesmo, castígase tanto ao cliente de prostitución como ao proxeneta e déixase de perseguir legalmente á muller prostituída, algo que xa se fixo noutros países, para, por primeira vez, proporcionarlles asistencia en aras da súa inclusión social (Ulloa, 2011). Esta lexislación integral sueca³⁵, parte do modelo nórdico, susténtase en investigacións realizadas dende o ano 1977 (Dodillet, 2005) que culminan coa presentación por parte da Organización Nacional de Centros de Acollida para Mulleres e Nenas de Suecia ao Parlamento

³⁴ O termo ‘trata de brancas’, actualmente en desuso, facía referencia ao tráfico de mulleres dende Europa cara ao mercado latinoamericano.

³⁵ De nome Kvinnofrid, que significa ‘a paz das mulleres’.

da problemática existente coa prostitución en 1992, 1994 e 1995. Grazas ao esforzo dos grupos feministas e ao aumento da representación parlamentaria feminina, no ano 1998 apróbase a Lei de Prohibición de Compra de Servizos Sexuais (Maïga, 2015) e a Lei de Trata de 2002 (Corbera, 2008). Tras elo, e co paso dos anos, revélase unha redución do número de persoas explotadas sexualmente e a diminución da prostitución de rúa e da demanda de servizos sexuais, así como o apoio da maioría da poboación ás medidas tomadas. Con todo, o cambio legislativo en si considérase máis un problema de actitudes e normas sociais que de orde pública, polo que sen un cambio educacional sería imposible o cumprimento do seu obxectivo: que a compra de sexo pase a verse como unha práctica socialmente inaceptable (Ekberg, 2004).

Por outra banda, para os máis críticos, as cifras non dan conta do enfraquecemento da industria prostitucional senón dunha transformación da mesma e o fortalecemento da súa clandestinidade. Aínda así, este modelo parece estar a cobrar forza noutros países europeos, entre eles Noruega, que penaliza mesmo aos cidadáns que consuman servizos sexuais fora do país, co fin de atacar tamén o turismo sexual. Do mesmo xeito que en Suecia, sondaxes estatísticas sinalaron que a medida goza de gran aceptación en boa parte da sociedade norueguesa. Do mesmo xeito ocorre en Francia, onde as multas estipuladas poderían incluír a privación da liberdade en caso de reincidencia. De acordo coas enquisas, a maioría dos franceses non aproba a sanción aos clientes de prostitución, aínda que si estarían de acordo en empregar outro tipo de medidas como traballos sociais para responsabilizalos polas problemáticas derivadas en materia de dereitos das mulleres. En América Latina, onde o número de Estados reglamentaristas avantaxaría por pouco ao de abolicionistas, a proposta sueca parece ter certa resonancia en sectores que ven nela unha alternativa para acabar co tráfico de persoas e a explotación sexual en contextos onde as medidas legais orientadas a tal fin non forneceron os efectos esperados (Gimeno, 2012).

É necesario resaltar, a este punto, a labor da Coalición pola Abolición da Prostitución Internacional, fundada en 2013 en Francia e integrada por 35 organizacións de 27 países de catro continentes (CAP, 2016), e da súa predecesora, a Coalición Contra a Trata de Mulleres, fundada en 1988 en Estados Unidos (Suchland, 2015). En ambas eríxese a loita feminista actual pola abolición da prostitución e a trata con fins de explotación sexual á vez que se poñen de manifesto os profundos debates do presente ao redor deste tema.

2.1.1. O MOVEMENTO ABOLICIONISTA EN ESPAÑA

O movemento abolicionista da prostitución non chegou a España ata entrado o S. XX, aínda co precedente dun movemento abolicionista pola escravitude que logrou gañar protagonismo entre as mulleres. Tanto é así que, xa no ano 1868, Carolina Coronado presidiu a sección feminina da Sociedade Abolicionista Española, denominada Sociedade Abolicionista de Señoras, a cal non só condenaba a escravitude, senón que incidía, especialmente, naquela que afectaba as mulleres (Arrollo, 1982). As súas demandas non gozaron de demasiado éxito, con todo, lograron sentar as bases da loita pola erradicación da prostitución. De igual modo o fixeron os avances no abolicionismo da prostitución a nivel internacional, difundidos no país por protestantes, masóns e republicanos, os cales xeraron un debate social no que as voces abolicionistas foron as menos. Froito do anterior, na década de 1920, creouse a Sociedade Española do Abolicionismo, que, mostrándose partidaria da supresión do reglamentarismo, defendía, tamén, a inclusión do delito sanitario³⁶, ao máis puro estilo británico. Dentro de dita organización estiveron implicadas numerosas mulleres, destacando entre elas a figura de Clara Campoamor, quen sumou ás ideas de Concepción Arenal sobre a escasa remuneración e a falta de traballo feminino as súas propias sobre prostitución. Iniciado o período republicano, non tardou en reclamar a introdución na Constitución das medidas abolicionistas expostas (Escobedo, 2017).

Aínda que durante as primeiras décadas do século pasado os dereitos das mulleres non gozaron de especial importancia e a prostitución foi considerada un mal menor, só atendido no referido á prevención de enfermidades venéreas e ao mantemento da orde social, a chegada da II República supuxo unha ruptura co establecido en favor dunha maior dignificación da muller. De feito, coa Constitución de 1931 e as leis promulgadas posteriormente, o status xurídico das mulleres comezará a cambiar: eliminaranse privilexios recoñecidos ata ese momento exclusivamente aos homes, regularase o acceso das mulleres a cargos públicos, concederase o dereito de voto ás españolas e recoñeceranse dereitos á muller na familia, como o matrimonio civil, o dereito das mulleres a ter a patria potestade dos fillos, a supresión do delito de adulterio aplicado só á muller e o recoñecemento do dereito ao divorcio por mutuo acordo, entre outras medidas, ademais de promulgarse a lei do aborto e a creación de centros de atención ás mulleres prostituídas en aras da súa reinserción social. En toda esta loita para conseguir mellorar a situación da muller, serán especialmente activas política e socialmente Margarita Nelken,

³⁶ Refírese este á transmisión de enfermidades venéreas.

Victoria Kent, Dolores Ibárruri, Matilde Landa, Matilde Huici, María Lejárraga, Matilde de la Torre e Federica Montseny, ademais da xa citada Clara Campoamor (Rivas, 2013).

Os republicanos, no seu afán modernizador, non puideron deixar de asumir o rexeitamento á prostitución e, máis aínda, á prostitución regulamentada. Con tal perspectiva prepararon o decreto abolicionista que sería aprobado en 1935, relacionando a prostitución coa ‘trata de brancas’, a explotación das mulleres e as perigosas enfermidades de transmisión sexual³⁷. As primeiras medidas abolicionistas non se fixeron esperar e xa en 1931 se suprimiu o Padroado para a Represión da Trata de Brancas, substituíndoo polo Padroado de Protección da Muller, en cuxo seo se realizarían importantes cambios como a adaptación da lexislación española aos convenios internacionais en materia de protección de mulleres e nenas/os e contra a súa trata. Do mesmo modo, nun camiño tendente ao abolicionismo, serán de suma importancia os debates de 1932 instando ao Goberno a adoptar as medidas abolicionistas, argüíndo a ineficacia do sistema reglamentarista na misión de contención de enfermidades venéreas con que fora creado, así como a aprobación dun decreto que suspendía o imposto sobre a actividade prostitucional, denunciando a obtención de ingresos de prostitución por parte do Estado³⁸ (Escobedo, 2017).

Ao anterior seguíronlle unha serie de actos en distintas sedes políticas, nos que participaron recoñecidas mulleres como Concha Peña, Hildegart Rodríguez ou Carmen de Burgos, que tiveron como culminación a nomeada aprobación do Decreto do 28 de xuño de 1935, no que se acordou a abolición da prostitución regulamentada, que pasaba a estar considerada un modo de vida non lícito. Cabe destacar que, a pesar de que este decreto chegou tarde, previa a súa aprobación lográronse numerosos avances para as mulleres e, en especial, para as mulleres prostituídas, isto é, estableceuse a súa liberdade para abandonar os bordeis, reformouse o Código Penal de 1870 para adecualo ás normas internacionais, establecéronse leis para facer da emigración un acto libre, lexislouse para evitar a caída na prostitución de artistas e camareiras de espectáculos públicos, levantouse a man na obrigación da inscrición no rexistro das prostitutas, aprobouse a lei do divorcio que contemplaba o contaxio venéreo como causa xustificada para a disolución do matrimonio, responsabilizando aos homes tamén do mesmo, e aumentáronse os centros de atención médica (Rivas, 2013). Aínda que a intención subxacente era a de unir ao país aos Estados máis avanzados de Europa, todos eles

³⁷ Estas pasaron a ser un tema secundario.

³⁸ Coa excusa da súa utilización na loita antivenérea.

abolucionistas, en España mantívose o sistema de revisións periódicas ás mulleres prostituídas ou a quen puidese contaxiarse, o que supuxo unha aplicación do abolicionismo, pero non na súa totalidade (Escobedo, 2017). Respecto disto último, o feminismo da época non tardou en ser crítico, mais nada puido facer pois, un ano despois, estalou a Guerra Civil.

Con ela, implantouse de novo a regulamentación por decreto en 1941 (Rivas, 2013), pois o réxime franquista quixo, como os seus predecesores reglamentaristas, asegurar a saúde e a orde públicas, non sen esconder debidamente os prostíbulos (Martín, 1987) patentando a contraditoria moral sexual predominante nesta época. Neste sentido, a prostitución de rúa foi perseguida e criminalizada pola policía franquista punto de encarcerar a moitas mulleres prostituídas en cárceres especiais para as que foron denominadas ‘mulleres caídas’³⁹ (Martín, 1987). A tolerancia da prostitución atopou termo en 1956, cando o franquismo, nun intento por congraciarse coas democracias capitalistas, a aboliu a través dun novo decreto. Con todo, pareceu tratarse máis dunha prohibición, pois aprobouse recluír en prisión a aquelas mulleres que practicasen ‘vicios antinaturais’, así como a súa hospitalización forzosa e a aplicación da Lei de Vagos e Maleantes⁴⁰ se se negaban a someterse ás inspeccións médicas e policiais (Nicolás, 2007). Dende entón, os sucesivos vaivéns reformistas a nivel legal sitúan á prostitución en España na alegalidade (Pucciarello, 2010).

Aínda que no Código Penal de 1973 se contemplouse o delito de proxenetismo, na década de 1990 legalizouse o negocio da terceira locativa⁴¹ coa reforma do Código Penal en 1995, cuxa modificación suprimiu o proxenetismo non coercitivo (Solana, 2007). Ao deixar de estar penalizada a intermediación lucrativa en prostitución, salvo en casos de coerción, comezou a desenvolverse unha nova industria ao redor do sexo, aproveitando e reconvertendo infraestruturas que xa existían na sociedade e nas que se exercía a prostitución dunha forma marxinal e encuberta (Carracedo, 2006). Xa no S. XXI, volveu a penalizarse o proxenetismo a través dunha nova modificación do Código Penal no ano 2003. A última reforma do mesmo, levada a cabo en 2015, mantén dita penalización, obviando a causa primaria da prostitución, isto é, aos prostituidores, favorecendo así ao sistema prostitucional. Nin un ano despois, a Fiscalía Xeral do Estado considerou este suposto avance sumamente ineficaz, xa que en todo

³⁹ Chegouse a crear un Padroado de Redención de Mulleres Caídas e, mentres este encarceraba ás maiores de idade, o Padroado de Protección da Muller facíao coas menores.

⁴⁰ Lei aprobada durante a II República, referida ao tratamento de vagabundos, nómades, mulleres en situación de prostitución, proxenetas e calquera outro individuo que fose considerado como antisocial polas autoridades.

⁴¹ Delito de lucrarse explotando a prostitución allea.

o ano non se abriu un só procedemento por explotación a ningunha muller prostituída (Cancio, 2016).

Na actualidade, existen diversos retos e promesas, froito das incansables demandas abolicionistas ao Goberno, as cales inclúen unha lei de trata en proceso de negociación, un plan de inserción sociolaboral para as mulleres prostituídas e un debate parlamentario ao redor dos preceptos sobre prostitución que inclúe a *Ley del Solo Sí es Sí*⁴², ou Lei de Garantía Integral da Liberdade Sexual (2022), aprobada recentemente polo Congreso, a cal despenaliza, de novo, o proxenetismo. Con todo, o peso do presente abolicionista parece recaer na loita pola aprobación da Lei Orgánica Abolicionista do Sistema Prostitucional (2019), promovida pola Plataforma Estatal de Mulleres pola Abolición da Prostitución, dada a súa consideración da necesidade inaprazable de introducir na axenda institucional o abolicionismo da prostitución.

2.2. FEMINISMO E ABOLICIONISMO

Sendo a prostitución unha das ferramentas de dominio patriarcal de maior calado e envergadura, expresada a través da cousificación e mercantilización dos corpos das mulleres de tódalas épocas, a teoría feminista non puido senón situala, gradualmente, no centro dos seus vindicacións.

Dende os albores abolicionistas auspiciados por Josephine Butler ata o presente, no seo do feminismo xurdiu todo un movemento con índole propia na loita contra o sistema prostitucional, sustentado polas voces de numerosas e notorias mulleres de tódolos tempos.

2.2.1. O LEGADO DE JOSEPHINE BUTLER

A sufraxista Josephine Butler foi unha das primeiras activistas políticas e sociais de Gran Bretaña, líder dun movemento social que cuestionou a idea de que as mulleres non puidesen actuar como suxeitos políticos independentes. Coñecida por enfrontarse ao tabú vitoriano que silenciaba todo o relativo á sexualidade, contribuíu a visibilizar a perspectiva das mulleres acerca de asuntos ‘pouco respectables’, enfrontándose ao reto de denunciar as *Contagious Disease Acts*⁴³, co obxectivo final de abolir o sistema de regulación estatal da

⁴² Lei do Só Si é Si.

⁴³ Ou *CD Acts, Leis de enfermidades contaxiosas*.

prostitución. Coas súas reivindicacións, atacaba tanto a dominación de sexo como a de clase, instando á sociedade a comprender este problema dende a empatía e a solidariedade. Negábase, así, á aceptada diferenciación entre mulleres castas e impuras e, moito menos, á criminalización das últimas, aludindo ás mulleres prostituídas como as súas ‘irmás’⁴⁴ e pedindo para estas o dereito á autodefensa e á resistencia, baixo a consideración de que o apoio social e os cambios legislativos lograrían mellorar as súas vidas (de Miguel e Palomo, 2011).

No ano 1875, poucos meses despois de constituír a Federación Británica e Continental para a Abolición da Prostitución Legal ou Tolerada, publicou o folleto “Unha voz no deserto”, o cal incluía os seus apuntamentos respecto do tema, usados nas numerosas conferencias que deu por todo o continente. Esta obra, cume dos inicios da loita abolicionista, animaba a considerar a prostitución baixo outro punto de vista que o do materialismo, expondo as graves contradicións dun sistema creado por homes e regulamentado en base ás súas propias conveniencias, que non facía caso aos dereitos naturais e a dignidade das mulleres (Butler, 1877).

Na súa opinión, era o momento de que as mulleres oprimidas achasen entre elas, e entre tanto silencio, unha voz que as representase, anunciadora da liberdade e a rehabilitación (Butler, 1877). E é que o seu discurso non era puramente teórico ou político, senón que partía do achegamento previo ás vidas das mulleres e nenas en situación de prostitución, pois antes de aprobarse as leis estivera en contacto con esta realidade a través da súa experiencia no traballo social. Por iso, estaba informada dos conflitos con policía, médicos e xuíces por parte daquelas mulleres ás que se lles aplicaron as leis de enfermidades contaxiosas. Ademais, coñecía as denominadas ‘casas de tolerancia’⁴⁵, onde falaba con mulleres prostituídas, comprendendo a dificultade que supuña sobrevivir en traballos precarios e insalubres ou na indixencia (de Miguel e Palomo, 2011).

Coma se do máis recente presente se tratara, Butler (1875) apuntou como o diñeiro obtido da actividade prostitucional queda en mans dos/as empresarios/as e o pouco percibido polas mulleres prostituídas serve para atavíos e cosméticos que estes/as lles adiantan con

⁴⁴ Entendeu que a prostitución afecta a tódalas mulleres e así o expresou na súa obra mediante a frase: “A alma da miña irmá non pode corromperse sen que se resinta a miña propia alma”.

⁴⁵ Eufemismo empregado para falar dos bordéis.

calculada perfidia, remachando as cadeas da súa escravitude. Falou, tamén, do recrutamento de vítimas por vía de enganche, incidindo en que a prostitución ten a súa trata e as súas escravas.

Do seu basto ideario abolicionista cabe destacar a concepción de que a prostitución castiga a un só sexo, violentando o corpo e corrompendo a alma das mulleres, pois a obediencia pasiva é a regra da profesión. Do mesmo xeito, a profunda crítica á xustificación da súa necesidade irremediable, sentido no que apunta, con acerto, que o feito de que exista un mal e sempre existira nunca foi aceptado pola sociedade como un motivo que impida combatelo, para atacar directamente ao Estado e aos gobernos por protexer ao sistema prostitucional esquecendo a súa alta misión social (Butler, 1877) e reclamar leis baseadas nun código igualitario para homes e mulleres, acabando coa dobre moral sexual dominante⁴⁶ (de Miguel e Palomo, 2011).

Butler (1877) considerou a súa loita como a explosión dun sentimento de reprobación afogado durante séculos baixo o peso do vicio legalizado, como unha protesta feminina, un berro de horror e un chamamento á xustiza. Nas súas propias palabras, definiuna como a santa cruzada que habería de ter por termo a supresión da escravitude feminina. Como activista, apostou pola acción e a agresión directa, positiva e implacable contra as institucións fortalecedoras da prostitución, animando a enfocar o problema dende a súa raíz, cegando todas as fontes que o alimentan. Isto é, a mala educación dada ás mulleres, a falta de traballos lucrativos a que poidan dedicarse e a insuficiencia dos salarios nas profesións que poden exercer.

Entendendo a necesidade de decidirse en pro da agravación da escravitude feminina ou en favor da súa abolición, sen termo medio posible (Butler, 1877), cara a finais do S. XIX e comezos do S. XX, as sufraxistas fixeran súas as vindicacións abolicionistas⁴⁷. Aínda que foron obxecto de críticas e agresións verbais e físicas, lograron combinar as tarefas de apoio ás mulleres prostituídas, xerando fondos para o coidado dos seus fillos/as e para facer fronte aos gastos derivados da súa defensa legal, coa divulgación da causa en ámbitos profesionais, na prensa e na rúa, manifestándose, ademais, nas portas dos bordeis para denunciar a situación e para sinalar aos homes como os máximos responsables (de Miguel e Palomo, 2011).

⁴⁶ Consideraba que, se a degradación dun sexo era a condenación do outro, a rehabilitación da muller dependía sobre todo do levantamento do nivel da moralidade no home.

⁴⁷ Pero non só elas, pois acharon a mesma fe nalgúns dos homes da súa época, quen aplaudiron a súa iniciativa e concederon ao seu chamamento un alcance apenas imaxinable.

2.2.2. FEMINISTAS HISTÓRICAS POLA ABOLICIÓN

Dende os seus inicios no S. XIX, o movemento abolicionista gañou protagonismo nas filas do feminismo ata converterse nun alicerce fundamental na súa loita actual. Así o demostran as numerosas voces feministas que expresaron a súa repudia á prostitución e a todo o sistema prostitucional ao longo dos séculos, cuestionando, en último grao, a imposibilidade dun feminismo non abolicionista.

No plano internacional, cabe destacar, en primeiro lugar, a consideración de Mary Wollstonecraft (2018), quen refire a prostitución como unha escravitude humillante.

Non menos importante é a apreciación de Flora Tristán (1840) sobre as ‘mulleres públicas’, traficadas internacionalmente para a súa prostitución na máis horrible das aflicións producidas pola desigual distribución de bens no mundo. Solicitaba, por iso, a absolución das mesmas e a garantía dos seus dereitos, á vez que a imputación dos proxenetas e os prostituidores polo crime cometido contra elas. Avanzaba, tamén, que, si unha soa muller era prostituída, todas podían selo.

Algo máis dun século despois, coa referencia patente de Josephine Butler, unha parte do sufraxismo revoluciona o panorama social coa súa percepción acerca da prostitución⁴⁸. É mester nomear a Christabel Pankhurst, sufraxista e cofundadora en 1903 da Women's Social and Political Union⁴⁹, a cal contribuíu a visibilizar e responsabilizar aos homes como consumidores de mulleres prostituídas da expansión das enfermidades venéreas, denunciando a relegación destas mulleres ao status de obxectos sexuais. En 1907, da súa organización escindiuse unha parte, conformándose a Women's Freedom League⁵⁰, que, coa mesma base ideolóxica pero certamente máis radical, acusou aos homes da opresión sexual das mulleres en tódalas súas formas, apuntando á dobre moral sexual predominante e á indulxencia da xustiza. A súa irmá, Sylvia Pankhurst, socialista fundadora da Workers' Suffrage Federation⁵¹ en 1914, entendeu a prostitución como unha escravitude que só pode degradar a quen a acepta. Por último, na mesma liña, as sufraxistas Dora Marsden e Mary Gawthorpe, directoras entre 1911

⁴⁸ Todas estas ideas constitúen un antecedente claro do feminismo radical dos anos sesenta e setenta do S. XX.

⁴⁹ Unión Política e Social de Mulleres.

⁵⁰ Liga de Mulleres Libres.

⁵¹ Federación de Mulleres Sufraxistas.

e 1912 da publicación *The Freewoman*⁵², contemplaron a prostitución como unha manifestación do sometemento feminino e o mantemento dos privilexios masculinos (de Miguel e Palomo, 2011).

Anos máis tarde, Alexandra Kollontai, política revolucionaria e feminista rusa, alega nos seus discursos que a prostitución é un abuso e un acto de violencia cara ás mulleres, herdanza do que considera un pasado capitalista (Kollontai, 1921). Denunciará, en adiante, a través de obras tan soadas como *Autobiografía dunha muller sexualmente emancipada* (1976) as consecuencias de que a prostitución sexa unha escola de sexualidade para os homes, apuntando á estendida e silenciada insatisfacción das mulleres para coa sexualidade hexemónica, con base na ficción do pracer obrigada ás mulleres prostituídas (de Miguel, 2000).

Pola súa banda, Simone de Beauvoir (2017) asegurou que na muller prostituída se xuntan tódalas opresións de tódalas mulleres, entendendo que ningún sistema de dominación se mantén sen a complicidade dos/as sometidos/as. Apuntou, non sen acerto, ás condicións necesarias na desaparición da prostitución⁵³: que se asegurase a tódalas mulleres un oficio decente e que as costumes non opuxesen obstáculo á liberdade de amar.

Nas últimas décadas do S. XIX, cobra especial relevancia o pensamento de teóricas feministas como Shulamith Firestone e Kate Millett. Firestone (1970) sostén que as prostitutas pagan coa súa vida a formación varonil que obriga aos homes a escindir o emocional do sexual, entendendo que estes non só teñen vantaxes económicas e políticas, senón que obteñen unha importante satisfacción para o seu ego da opresión das mulleres. Denunciou, tamén, a fraude que supuña a actitude de moitos deles ante a liberación sexual das mulleres (de Miguel, 2015). Pola súa banda, Millett afirma que a superioridade do home xa non é a do guerreiro, nin a do cidadán nin a do home provedor, senón que é a do home follador e que esta versión da sexualidade masculina non busca tanto o pracer erótico como o pracer da humillación da muller (de Miguel, 2015). Na súa obra *The prostitution papers: A candid dialogue* (1973) consigna que aínda cando as feministas ven a obxectivación sexual como deshumanizante e degradante, a peor degradación existente é a experimentada polas mulleres que venden os seus corpos para gañarse a vida.

⁵² *A muller libre*.

⁵³ Ao seu modo de ver, só suprimindo as necesidades ás cales responde, se suprimiría a prostitución.

Ás anteriores, non poden deixar de sumarse outras teóricas feministas como Kathleen Barry ou Carole Pateman. Primeiramente, Barry (1988) sostén que a prostitución é o modelo de sexualidade como destrución do eu e unha palpable violación aos dereitos humanos das mulleres e nenas/os, definíndoa como unha forma de escravitude, neste caso, sexual. Do mesmo xeito, Pateman (1995) apoia esta consideración da prostitución ao cambiar o eufemismo de ‘comercio sexual’ pola realidade que oculta, a escravitude sexual das mulleres prostituídas. Engade a isto último a súa percepción de que dita escravitude é temporal e dura o que dura o contrato de prostitución, segundo o cal os homes dispoñen da totalidade das mulleres, garantíndose o acceso grupal e regulado aos seus corpos. Entrada a década dos noventas, a avogada Catharine Mackinnon⁵⁴ (1993) fortalecerá o discurso que lle precede apuntando que as mulleres son prostituídas precisamente para ser degradadas e sometidas a un tratamento cruel e brutal sen límites humanos e que ningunha institución social excede á prostitución canto a violencia física refírese.

Ao fío do anterior, cabe poñer o foco agora sobre o papel do feminismo histórico nacional na loita contra a prostitución para destacar, especialmente, a figura de Clara Campoamor, quen, nunha carta escrita en 1932 solicitando ao goberno a súa abolición (Rivas, 2013), definiu a prostitución como unha quebra para a ética, por considerala unha secuela abominable, apostando por poñer fin á degradación dun enorme número de mulleres, pero tamén de homes. Xunto con Campoamor, a súa coetánea Federica Montseny apoiou á agrupación anarquista Mulleres Libres cos ‘liberatorios de prostitución’, lugares onde as mulleres aprenderon oficios e empezaron a traballar, demostrando, en moitos casos, que acabaran en prostitución por non ter outro modo de gañarse a vida (Ackelsberg, 2017). Para esta agrupación, que consideraba a prostitución a maior das escravitudes, a abolición era clave⁵⁵.

OBXECTIVOS

Esta investigación ten como obxectivo principal realizar unha exhaustiva descrición do histórico movemento abolicionista, centrada na súa secular loita contra a prostitución e a trata

⁵⁴ Pioneira en reclamar unha lexislación contra o acoso sexual, xunto a Andrea Dworkin creou ordenanzas que recoñecían a pornografía como unha violación dos dereitos civís.

⁵⁵ Afirmaban que non podería recoñecerse a decencia de ningunha muller mentres non puidesen atribuírla todas, é dicir, mentres existise unha soa muller prostituída.

con fins de explotación sexual. Xorde a mesma do intento por achegar esta vertente do pensamento e a militancia feminista ao contexto universitario, dándolle cabida no mesmo a fin de que poida sentar certas bases para outras investigacións en relación.

A tal fin, entendemos necesario apuntar os seguintes obxectivos específicos:

1. Fundamentar as raíces históricas do abolicionismo dentro do movemento feminista e profundar na vinculación existente entre ambos.
2. Profundar no discurso abolicionista da prostitución, coñecendo as súas reivindicacións e a influencia social do mesmo.
3. Analizar o pensamento crítico das feministas abolicionistas actuais a través do seu discurso e con respecto ás demais posturas.
4. Expor a actualidade do abolicionismo e a perspectiva de futuro sobre o mesmo.

METODOLOXÍA

Para a realización deste traballo optamos por desenvolver un método cualitativo, posto que favorece o desenvolvemento de técnicas flexibles e múltiples no referido ao traballo de campo (Velasco, 1999), dende unha perspectiva fenomenolóxica, a cal permita a comprensión a partir da perspectiva do individuo e de acordo coas situacións da súa vida cotiá (Taylor e Bogdan, 1984).

Elaboraremos, así, un estudo observacional descritivo, cuxo propósito principal sexa o de documentar o fenómeno obxecto da investigación, á vez que transversal cun enfoque analítico, pois non só estará delimitado nun tempo e espazo únicos senón que, ademais, favorecerá a asociación de ideas dende realidades distintas (Hernández, Fernández e Baptista, 2003).

Ao fío do anterior, esta investigación realízase entre os meses de febreiro e maio do ano 2022, por medio dunha abundante revisión bibliográfica sobre a temática a tratar en conxunción co desenvolvemento e análise de dúas entrevistas en profundidade a dúas figuras clave do movemento abolicionista da prostitución, tanto a nivel estatal, coa voz de Esther Torrado, como a nivel internacional, mediante o testemuño de Magui Bellotti. Tras un primeiro contacto con cada unha e a súa aceptación de formar parte deste estudo, envíaselles o guión que dirixe a entrevista e acórdase a realización da mesma, vía telemática a través da Plataforma Teams, nas

datas de 25/04/2022 e 29/04/2022, respectivamente, cunha duración aproximada de 50 minutos por entrevista.

1. XUSTIFICACIÓN METODOLÓXICA

Posto que a elección do método de investigación máis adecuado debe estar determinada polos intereses, as circunstancias e as propias limitacións do/o investigador/a (Taylor e Bogdan, 1992), para esta investigación consideramos a perfecta adecuación do método cualitativo por ser indutivo á vez que holístico, permitindo extraer conclusións baixo a consideración das partes coma un todo (Taylor e Bogdan, 1984). Do mesmo modo, encaixa coa nosa priorización do estudo da contorna dos acontecementos relacionados co fenómeno a investigar nun contexto natural onde os seres humanos se implican e interesan, avalían e experimentan directamente (LeCompte, 1995), someténdonos como investigadoras tanto a unha perspectiva naturalista como á comprensión interpretativa da experiencia humana (Lincoln e Denzin, 1994). Neste sentido, a adopción dunha perspectiva fenomenolóxica eleva o interese sobre o individual e a experiencia subxectiva, nun intento de achegamento á realidade dende o punto de vista do/a outro/a, coa consecuente descrición, comprensión e interpretación da mesma (Morse, 1994).

Dentro das diversas técnicas que ofrece este método, decantámonos por unha primeira revisión bibliográfica do tema a investigar, a través da recompilación, organización e valoración da información recompilada, a fin de acceder a unha visión panorámica da mesma que permita xustificar teoricamente esta investigación. Doutra banda, e como eixo central, consideramos a utilización de entrevistas, xa que favorecen a adquisición de coñecementos sobre a vida social (Velasco, 1999), optando pola entrevista en profundidade, por ser flexible, dinámica e aberta, ademais de non directiva nin estandarizada. Cabe destacar que se trata dunha interacción cara a cara entre a persoa que investiga e os/as informantes, coa finalidade dunha maior e mellor comprensión das perspectivas que teñen sobre as súas vidas ou experiencias. Seguindo a pauta dunha conversación entre iguais, procuramos construír unha situación que se pareza a aquelas onde as persoas falan naturalmente entre si de temas importantes, buscando unha entrevista relaxada e unha relación unilateral, en que non se xulgue ás persoas entrevistadas, senón que se lles acepte tal e como son e por quen son (Taylor e Bogdan, 1992).

Aínda que a técnica da entrevista pode adoptar varias formas, como pode ser por correo ou por teléfono, dada, principalmente, a distancia cos/as informantes, decantámonos pola súa realización a través de medios telemáticos, nunha sinxela videochamada, a cal permita un

vínculo máis directo entre entrevistador/a e entrevistado/a, necesario para observar o punto de vista destes/as últimos/as e crear unha sensación de comodidade entre ámbalas partes, sendo así máis sincero o intercambio de información e opinións.

En consonancia, cremos necesario, en primeiro lugar, establecer para ditas entrevistas un guión, o cal sexa o fío condutor das mesmas e a referencia con respecto aos obxectivos da investigación, así como, en segundo lugar, gravar ditas entrevistas, o que nos permitirá obter a información textualmente. Resulta imprescindible, tamén, o establecemento de controis cruzados sobre os discursos obtidos, de maneira que se examine a coherencia das diversas experiencias (Taylor e Bogdan, 1992), para o que codificaremos a información, de acordo con un esquema con categorías e subcategorías de análises concordantes cos obxectivos preestablecidos. Todo elo devén na facilitación da análise e da descrición dos resultados obtidos, os cales, dada a delimitación espacial e temporal dotan de transversalidade á investigación.

Resaltamos, por último, a idoneidade tanto do método escollido como das diferentes técnicas e procedementos anteriormente detallados ante a ausencia de estudos que traten en profundidade o abolicionismo da prostitución situándose na perspectiva propia das voces abolicionistas de referencia a nivel estatal e mundial.

2. INFORMANTES

Á hora de atopar aos/as informantes adecuados/as baseámonos na estratexia da mostraxe teórica ou intencionada, a cal, relativizando a importancia do número de casos, resalta o potencial de cada un dos mesmos para axudar ao/o investigador/a no desenvolvemento de comprensións teóricas sobre a área estudada da vida social (Glaser e Strauss, 1967) nunha selección sobre a base da súa relevancia para a investigación (Silverman, 2005). Este tipo de mostraxe resulta ser deliberada e estar baseada nas necesidades de información detectadas, a fin de que permita xerar tantas categorías como sexan posibles e relacionalas entre si (Glaser e Strauss, 1967).

De acordo con isto, coincidimos na necesidade de que os/as nosos/as informantes sexan persoas implicadas no movemento abolicionista da prostitución, pois sendo partícipes de cheo do mesmo, posuirán un coñecemento exhaustivo do tema obxecto de estudo e de todo o concernente a este, podendo relatar en primeira persoa as súas propias experiencias ao respecto.

Así mesmo, entendemos oportuno entrevistar a mulleres, pois son estas a mellor representación do feminismo e, coma nós, senten nas súas propias carnes a opresión do sistema patriarcal, á vez que desexable a súa diferente orixe, isto é, a súa nacionalidade, dado que obteremos unha perspectiva máis ampla que transcenda fronteiras.

Consideramos este perfil tipo clave para a nosa investigación de acordo con un criterio de pertinencia, adecuación e conveniencia, xa que ademais de garantir a calidade dunha información suficiente e de primeira man favorece a accesibilidade do/o investigador/a, á vez que a rapidez e a economía no proceso (Karam, 2005). Seguindo esta premisa, as nosas informantes compren co perfil buscado, pois son dúas mulleres feministas e abolicionistas, a socióloga española Esther Torrado Martín-Palomino (*Véxase Anexo 1*) e a avogada arxentina Margarita Inés Bellotti (*Véxase Anexo 2*). Ambas, militantes deste movemento, contan cunha longa e extensa traxectoria na loita pola erradicación da prostitución e a trata de persoas con fins de explotación sexual. Alcumarémolas Informante 1 e Informante 2 ao longo da investigación.

3. GUIÓN DA ENTREVISTA

Como xa se sinalou, nesta investigación óptase pola entrevista en profundidade, considerando a entrevista semiestruturada como a mellor opción dado o nivel das entrevistadas, dous suxeitos que gozan dunha gran competencia para o intercambio de información, arroxando luz sobre o tema obxecto de estudo e en concordancia cos obxectivos expostos. Por iso, realizaránselles unha serie de preguntas abertas por medio das cales poidan dar, de forma estendida, as súas opinións e percepcións, á vez que matizar as súas respostas, algo que coa entrevista estruturada non sería posible. Todo elo pode, mesmo, derivar en novos obxectos de investigación ou cuestións que se puideron pasado por alto grazas ao intercambio de información.

Aínda así, enténdese que é preciso elaborar un guión da entrevista posto que o/a investigador/a necesita conducir a conversación cara aos obxectivos propostos con anterioridade, evitando así perdas, a fin de que o intercambio de información resulte o máis útil posible. A través deste, preténdese seguir unha estrutura de preguntas que, de acordo cos obxectivos, diversifiquen os temas a tratar e amplíen en maior grao o coñecemento sobre os mesmos.

Este guiión⁵⁶ (*Véxase Anexo 3*) consta de catro bloques cun total de dezaioito preguntas: o primeiro, formado por cinco preguntas, versa, directamente, do abolicionismo, tratando de profundar nos seus sentimentos cara ao mesmo, os seus referentes e o papel da súa militancia no movemento; o segundo, con outras cinco preguntas, centra a atención sobre as súas consideracións acerca das outras posturas fronte á prostitución; o terceiro, que inclúe catro preguntas, relaciona o abolicionismo co feminismo e apunta á escisión entre posturas moi patente na actualidade; e, por último, o cuarto, con catro preguntas máis, retoma o abolicionismo como tema principal para indagar sobre o presente e o futuro do movemento, resaltando o desenvolvemento da *LOASP*⁵⁷(2019) en España.

INFORME DE RESULTADOS

Coa finalidade de elaborar un informe⁵⁸ o máis exhaustivo posible das entrevistas realizadas (*Véxase Anexo 4*), o cal aborde, especificamente, cada un dos temas expostos nos obxectivos desta investigación, optamos por analizalas de acordo con un esquema de categorías e códigos (*Véxase Anexo 5*). Deste xeito, a conseguinte codificación da información obtida (*Véxase Anexo 6*) permitiunos non só responder as cuestións fixadas ao comezo do traballo, senón amplialas en gran medida con novos datos e unha perspectiva máis global e actual do abolicionismo da prostitución.

Para comezar, no que se refire ás raíces históricas do movemento abolicionista, concordantes co obxectivo específico 1, resaltaremos tanto as influencias históricas como os referentes de pensamento de ambas informantes.

Con respecto ás primeiras, a Informante 1 resalta a importancia no seu pensamento de numerosos estudos levados a cabo, en parte polas súas referentes de pensamento, así como de lexislacións como a abolicionista da 2ª República en España. Pola súa parte, a Informante 2 vai máis aló, declarando situarse na esquerda política a través de facendo referencias á mesma e, tamén, a outras formas de pensamento como o marxismo ou a movementos como o

⁵⁶ Tanto o guiión como as entrevistas foron realizados en castelán, a lingua empregada por ambas informantes, polo que a transcripción das mesmas tamén se realizou neste idioma, a fin de dar conta exacta dos seus discursos.

⁵⁷ Proposta de Lei Orgánica Abolicionista do Sistema Prostitucional.

⁵⁸ Aínda que a transcripción das entrevista está en castelán, lingua na que foron realizadas, consideramos oportuno traducir a galego os segmentos destacados na análise e reflectidos no informe, a fin dunha lectura máis fluída.

anticapitalismo. Ambas apuntan ter como referentes a autoras clásicas como Josephine Butler, Julieta Lanteri, Kate Millett ou Kathleen Barry, entre outras, así como a autoras máis recentes, nalgúns casos compañeiras, como Rosa Cobo, Josefa Baraona, Beatriz Ranea, Ana de Miguel, Laura Nuño, Carmen Delgado ou Marta Fontela. Destacan, ademais, a importancia da figura e dos discursos das superviventes, como Sonia Sánchez, apuntando a Informante 1 que sobre elo se está a escribir “moito, aínda que nunca é demasiado”.

En canto á vinculación co feminismo, concordante cos obxectivos 1 e 3, en primeiro lugar, cuestionaremos a relación entre abolicionismo e feminismo para, a continuación, facer fincapé nas reaccións patriarcais aos mesmos e, por ende, nas diferentes posturas existentes con respecto á prostitución.

Ambas teñen clara a relación indisoluble de feminismo e abolicionismo e así o expón a Informante 2 apuntando que “o abolicionismo é feminismo, o feminismo é abolicionismo”, ao que a Informante 1 engade que “o abolicionismo é unha loita que leva 300 anos porque o feminismo sempre foi abolicionista” e que este “defendeu ás mulleres e á igualdade, sobre todo ás mulleres e aos seus dereitos”. A este senso, a Informante 2 sinala que comezou a ser abolicionista cando comezou a ser feminista xa que para ela “non hai máis feminismo que o abolicionismo”. Esta entende que o suxeito político do feminismo son “as mulleres” sostendo que este movemento “mesmo na época pre-feminista” se organizou para denunciara súa situación, resaltando que aínda que “nas primeiras fases das olas do feminismo había temas centrais como o dereito ao voto, á participación política” a prostitución e a explotación sexual estiveron sempre “no corazón do feminismo”, polo que non pode concibir un feminismo non abolicionista da prostitución.

No referido ás reaccións patriarcais, ambas informantes sinalan, primeiramente, o profundo cuestionamento sufrido polo seu pensamento e acción abolicionistas. Neste sentido, a Informante 1 entende que un dos problemas das científicas abolicionistas é que non só se cuestionan os seus estudos, senón que ademais son desacreditadas persoalmente, así como inxuriadas e canceladas. Segundo ela, mentres a Academia cuestiona, os putañeiros e o lobby prostitucional ameazan, pois “quen defende a postura abolicionista, está a defender a desarticulación de toda unha industria que xera millóns de dólares de beneficios, beneficios que se obteñen das mulleres e da explotación dos seus corpos”, coincidindo a Informante 2 no diñeiro que hai de por medios en todo isto. No mesmo fio, sostén que “hai cabalos de Trola tentando debilitar ao gran movemento”, punto no que a Informante 2 incide ao destacar os

intentos de división dentro do movemento feminista derivados pola intromisión no mesmo do patriarcado. Suma ao anterior a Informante 1 unha representación gráfica das que considera as diferentes reaccións patriarcais ao longo da Historia comentando que “na primeira ola eramos bruxas e tíñannos que queimar, na segunda históricas e medicar, despois feminazis e tíñannos que apartar” e “agora somos odiadoras e merecémonos o peor, ser insultadas, por exemplo”. Baixo a súa concepción, “o patriarcado invéntase motivos” para sinalar ás abolicionistas, pois “toda acción comporta unha reacción” e estas son as reaccións patriarcais.

Finalmente, preguntadas polas outras posturas ao respecto da prostitución, queremos, unicamente, destacar que ningunha das informantes as considera feministas senón en liña co lobby prostitucional. A este senso, a Informante 1 convida a quen se adscribe ao regulacionismo, en específico, a que “investigue, que traballe e argumente”, facendo alusión á súa confusión da prostitución coa liberdade sexual. Do mesmo modo, cualifica de “entrismo” os intentos por parte das persoas alleas ao feminismo de protagonizar a axenda feminista. Coincide a Informante 2 no referido á liberdade sexual citada, afirmando que “a idea da regulamentación cos conceptos que emprega, por exemplo, traballo sexual, capital-erótica, ten moito que ver con esta hexemonía do capitalismo neoliberal” e, en calquera caso, “viola os dereitos das mulleres”.

Centrándonos agora nas vindicacións do abolicionismo, en relación cos obxectivos específicos 2 e 3, apuntaremos ás que consideran as principais reivindicacións do movemento na actualidade, profundando no ideario sobre a prostitución que vertebra o seu pensamento e acción, para, acto seguido, coñecer as súas formas de militancia e activismo.

En primeiro lugar, con respecto ás reivindicacións, cabe sinalar concordancias entre ambas a pesar da diferente situación actual do abolicionismo en España e Arxentina. Tanto é así que a Informante 1 pon o foco de atención sobre a terceira locativa, por considerar fundamental “unha modificación do código penal para que calquera persoa que se estea lucrando da prostitución sexa penalizada”, sinalando a responsabilidade dos concellos “coas licenzas que conceden”. Devén esta reivindicación da perspectiva sobre a posible, e final, aprobación por parte do Congreso da Lei do Só Si é Si, a cal, como xa se expuxo con anterioridade, despenaliza a terceira locativa, unha vez máis, apelando ao consentimento das mulleres prostituídas. De igual modo, nunha Arxentina onde a lei vixente é a Lei de Trata (2008), a cal si condena o proxenetismo, engade a Informante 2, ademais, aos prostituidores, aducindo que son “os verdadeiros actores, son os que realmente exercen a prostitución” polo

que “desprazar o eixo ao prostituidor significa tamén expor a responsabilidade persoal e social, ademais da sanción penal”, algo que sostén, tamén, a informante 1, ao considerar que “un dos xiros que deu a investigación do sistema prostitucional é poñer o foco en quen xera un problema para tódalas mulleres”. Puntualiza a Informante 2, neste sentido, que a prostitución “non é unha acción das mulleres, non se prostitúen, son prostituídas”, denunciando a figura do proxeneta, á vez que convida a investigar “esa ruta do diñeiro que é lavado na legalidade porque non é certo que todo se reduza a unha especie de pequena empresa”, facendo alusión ao lobby que sustenta o sistema prostitucional. Incide, tamén, na necesidade de “crear dereitos e políticas públicas para saír da prostitución”, remarcando a importancia de “participar en tódolos espazos posibles”, en aras dunha maior sensibilización, do mesmo xeito que a Informante 1, quen anima a “seguir achegando argumentos, estudos e relatos para seguir situando este tema na axenda política”. É preciso resaltar que todo o anterior pode inscribirse na rotunda consideración da Informante 1 de que “a cuarta ola é a reivindicación da explotación sexual”.

Entendendo as reivindicacións anteriores como froito do pensamento abolicionista compartido por ambas as informantes, analizaremos o ideario sobre a prostitución que dá sentido ás súas respectivas loitas. O primeiro punto coincidente ten que ver coa relación entre trata e prostitución, afirmando a Informante 1 que a trata e a prostitución están vinculadas porque “a trata existe porque hai demanda prostitucional e a trata existe porque coa mercadoría nacional non se pode cubrir a demanda”, resaltando a figura de Amelia Tiganus e o que denomina a fabricación dunha puta⁵⁹. Engade a Informante 2 que a trata non é diferente da prostitución, “a trata é o medio para captar ás mulleres á prostitución”, exaltando o papel das sobreviventes. Afirma que grazas a estas “hai unha elaboración de pensamento, porque xeran coñecemento como, por exemplo, a prostitución consentida, que une o concepto de prostitución coa falsa liberdade de exercela que xera o liberalismo”, entendendo que “non se pode consentir, é imposible, estás a consentir ser explotada, escravizada, violentada e non es consciente”, ou “o concepto de torturador-prostituínte”, acuñado por Sonia Sánchez⁶⁰ e “moi axustado á realidade dos danos e a violencia que se xera na prostitución”. En consonancia, sostén que “a prostitución é un negocio que move miles de millóns de dólares, é un dos grandes negocios

⁵⁹ A través da súa experiencia tras ser tratada e prostituída durante cinco anos en España, esta sobrevivente e activista analiza, con detalle, como o lobby proxeneta fabrica ‘putas felices’ (Tiganus, 2021).

⁶⁰ Esta sobrevivente e activista defíneo como o partícipe principal da explotación sexual das mulleres e nenas/os, por depositar todo o seu odio e subxectividade destas, mentres é protexido pola sociedade-Estado e, tamén, pola muller prostituída (Galindo e Sánchez, 2007).

ilegais, que mesmo ese diñeiro se lava no circuíto legal na actualidade, xa sexa coa idea de turismo, no investimento, na construción, no capital financeiro ou nos paraísos fiscais”, vinculando a prostitución ao capitalismo.

Por último, no referido á militancia e activismo abolicionistas que manteñen ámbalas informantes, consideramos oportuno destacar que as dúas traballaron, previa a súa incorporación á Academia, con mulleres prostituídas. Ademais, como especifican, realizaron e publicaron numerosas investigacións en relación. Pola súa banda, a Informante 2, que pertence á Convocatoria Abolicionista Federal⁶¹, comenta como dende a mesma están a “tratar de incidir no campo da educación”, mediante unha “idea abolicionista para docentes”. A este respecto, entende o seu papel tanto na rúa como no campo do pensamento, tratando de formarse e formar a seres na medida das súas posibilidades.

Conforme ao anterior, no último punto deste informe abordaremos as percepcións que as nosas informantes manteñen con respecto á situación actual do movemento abolicionista, isto é, a influencia social do mesmo, así como as súas posibles achegas en materia lexislativa, para acabar dilucidando a súa perspectiva con respecto ao futuro do abolicionismo, todo elo de acordo cos obxectivos específicos 2 e 4 do noso traballo.

En canto ao primeiro, a Informante 1 denuncia a existencia de “unha campaña para banalizar a prostitución, que debe ser inaceptable”, a cal arraiga a normalización da prostitución no imaxinario colectivo, a través de mulleres que, “dende o descoñecemento” “defenden como representantes da modernidade” “o que elas creen que vai ser mellor para as mulleres”, e dos “beneficiarios” do sistema prostitucional. Sostén que, en ambos casos, “esta defensa está manipulada polo patriarcado”. Engade a isto, a Informante 2, a defensa “presente nos gobernos, nos movementos sociais e na Academia”, apuntando que “o Estado non se anima a situarse”. Reivindica, por iso, a Informante 1, a necesidade dunha maior formación no tema da prostitución pois entende que se “le pouco, contextualiza pouco” e “respecta pouco a xenealoxía do feminismo”. Nesta liña, con todo, a Informante 2 expón que “do mesmo xeito que hai mozas a favor da prostitución, no movemento abolicionista xurdiron grupos de mulleres moi novas”, sinalando, tamén, a vantaxe da existencia en España de voces importantes postuladas ao abolicionismo, algo que, segundo di, non ocorre en Arxentina, onde “están en silencio porque hai medo”.

⁶¹ Xorde en Arxentina en 2019, do 34º encontro de mulleres, coa intención militante de centrar o tema da prostitución.

Seguindo co anterior, no relativo á lexislación, tema de fervente actualidade dado o auxe da reivindicación da LOASP en España, a Informante 1 considera “fundamental que a propia lei estableza as campañas de prevención para as xeracións vindeiras, a criminalización do putañeiro e por suposto, unha lei non basta senón está dotada de partidas orzamentarias e de recursos para ofrecerlle ás mulleres que queiran e desexen saír do sistema prostitucional que poidan facelo”, alegando que cando as abolicionista defenden unha lei non están “a defender que vaia en contra das mulleres en situación de prostitución” pois entenden “que moitas mulleres están nesa situación por necesidade ou coacción”. De igual modo, a Informante 2 entende a lexislación como “un instrumento fundamental nesta pelexa”. Ambas informantes apuntan ás diferentes leis en España e Arxentina, concretando a Informante 2 as similitudes entre a LOASP (2019) española e a *Lei de Erradicación do Sistema Prostituínte*⁶² (2019) arxentina.

Para finalizar, a perspectiva futura do abolicionismo revélase, certamente, prometedora para a Informante 1, quen defende que “o feminismo é o único movemento social político que está vivo e cada vez máis forte” pois está presente na axenda e no debate “despois de 300 anos de loita” e que “segue habendo investigación abolicionista”. Incide, con respecto ao último, en que “o descoñecemento na Academia como na cidadanía pódese combater con datos, estudos, argumentos, conceptualizando”, engadindo que “moitas persoas cambiaron trala formación”. Pola súa banda, a Informante 2 revela “un pesimismo a curto prazo e un positivismo a longo prazo”, resaltando que “hai movemento abolicionista” e que confía na “forza das mulleres” para “construír movemento”, algo que considera central. Ambas din confiar en que nesta ola⁶³ feminista o abolicionismo logrará os seus propósitos.

CONCLUSIONES

A abordaxe do movemento abolicionista da prostitución no seo do feminismo que se desenvolveu ao longo deste traballo de investigación, cos valiosos testemuños das dúas representantes do mesmo que aceptaron colaborar nel, permítenos expor unha serie de

⁶² Proyecto de Ley Erradicación del Sistema Prostituyente, Prevención de la Prostitución y Restitución de Derechos.

⁶³ Aínda que para Esther Torrado é a cuarta ola, Magui Bellotti considéraa aínda a terceira.

conclusións a partir da información recompilada, as cales, quizais, poidan contribuír a novos enfoques do tema dentro da Universidade e da sociedade que nos rodea.

Queremos destacar, en primeiro lugar, a importancia do movemento dentro do feminismo pois, tal e como se demostra, a abolición da prostitución foi unha cuestión presente, practicamente, dende os albores da loita feminista. Así o demostran as numerosas voces abolicionistas que, rompendo o silencio, se fixeron e seguen a facer eco dunha problemática de longa traxectoria, cun alcance moito maior do que o sistema prostitucional quere facer ver ás mulleres e á sociedade xeral. A visibilización das mesmas e do seu pensamento non só outorga corpo teórico á loita abolicionista, senón que facilita a comprensión dun fenómeno extremadamente nocivo para as mulleres, favorecendo a correcta acción na súa total erradicación. Do mesmo modo, dita exposición e a aportación de referentes e referencias semella imprescindible nun presente no que a confusión, os conflitos e as intromisións no movemento feminista tentan crebar as súas bases aínda que non o consigan, esquecendo a máxima da sororidade.

Ao fío do anterior, consideramos a imperiosidade de re-problematizar a prostitución, invertendo o enfoque, posto, comunmente, nas mulleres prostituídas, cara aos principais axentes que sustentan o sistema prostitucional, invisibilizados, hixienizados e inocentados (Torrado, 2019), isto é, os putañeiros. Sendo elas as estigmatizadas socialmente, a prostitución nace dunha necesidade ontoloxizada dos homes no plano sexual e do dereito que se lles outorgou tradicionalmente a satisfacer os seus desexos a través das mulleres. Así, o exercicio prostitucional non só reforza a normatividade patriarcal da feminidade e a masculinidade (Ranea, 2017) senón que lexitima, tamén, a concepción dominante de sexualidade que subordina ás mulleres (Posada, 2018) e as converte en permanentemente dispoñibles para eles. Patenta, ademais, a fragilidade do xénero nos nosos días (Fraser, 1997), contribuindo ao mantemento dunha orde sumamente desigual que institucionaliza prácticas violentas e degradantes cara a mulleres e nenas baseándose en mitos como a libre elección ou o consentimento.

A este respecto, a desigualdade manifesta no seu seo e a consecuente subordinación, unicamente, dun xénero demostran que a prostitución é unha práctica de poder por parte dos homes que nega a posibilidade de liberdade ás mulleres. O que afirma publicamente non é a relación dun individuo con outro, senón a lei do dereito sexual dos homes e o seu recoñecemento como amos sexuais das mulleres (Pateman, 1995). A dominación masculina

que a dita práctica subxace desestima o rol de axente feminino á vez que obtura a análise dos procesos complexos de interconexión xenerizada entre coerción e consenso, así como entre resistencia e participación do conxunto de persoas involucradas no comercio sexual (Morcillo, Martynowskyj e de Stéfano, 2018). Do mesmo modo, a violencia explícita e implícita exercida contra as mulleres prostituídas revela un imaxinario masculino no que as súas vidas, simplemente, carecen de valor (Posada, 2018), ao igual que os seus desexos ou necesidades. En consecuencia, da obrigación continuada de prestar servizo aos outros deriva a perda do sentido propio, o que invalida a decisión autónoma por parte destas.

Na mesma liña, compartimos que no exercicio prostitucional se entrelazan numerosos factores económicos, políticos, sociais e culturais cun alcance cada vez maior, froito da globalización mundial, o que impide limitar o debate sobre a prostitución á perspectiva das mulleres prostituídas, habendo de prestar especial atención aos contextos vitais que condicionan unhas decisións e actuacións aparentemente libres. E é que a prostitución se alimenta, principalmente, de mulleres con poucos recursos que buscan sobrevivir por encima de calquera outra consideración (Carmona, 2007). É á conta delas que se lucran os proxenetas e as redes de trata e explotación sexual como, tamén, é por medio delas que os homes con recursos satisfán os seus sórdidos desexos. Na suma de intereses do patriarcado, o neoliberalismo e un capitalismo voraz quedan, claramente, fóra de xogo, sendo expulsadas das súas contornas e das súas propias expectativas de vida e perdendo o dereito á soberanía dos seus corpos e da súa intimidade (Cobo, 2017) para converterse en mulleres ‘de refugallo’ (Cacho, 2010), intercambiáveis en función dunha demanda crecente. Será o aumento desta última, dado da expansión do sistema que a sustenta, o que poña en dúbida o carácter natural e ahistórico da institución prostitucional (Posada, 2018).

Da complexidade manifesta darán conta, en maior grao, as sobreviventes, coa rigorosidade que aos seus discursos outorgan as súas particulares vivencias. Para elas, como para as teóricas feministas, non cabe a distinción entre prostitución voluntaria e forzosa, isto é, trata con fins de explotación sexual. Ambos conceptos resultan indisociables pois o aumento da demanda de mulleres e nenas en prostitución só pode ser cuberto mediante a trata e o tráfico das mesmas (Posada, 2018), doutras, de máis. Ningunha muller está a salvo dunha industria que sofistica constantemente as súas técnicas para fornecer adecuadamente un mercado en alza, que cousifica e escraviza, cando non mata, a fin de satisfacer con iso aos homes. De igual modo, ningunha de nós podemos cernos alleas a todo o que entraña o sistema prostitucional xa que,

máis aló dos seus propios límites, esta forma de subordinación civil (Pateman, 1995) aféctanos a todas as mulleres polo simple feito de selo.

Por iso, entendemos que a inicial e lograda condena a trata con fins de explotación sexual haberá de ampliarse ao sistema prostitucional ao completo. Nun Estado como o noso, que poxa con Alemaña o primeiro posto como maior bordel de Europa, a situación de ‘alegalidade’ da prostitución (Gimeno, 2012) mantena nun limbo lexislativo que condena, exclusivamente, os casos en que é forzada, mais quen pode dilucidar tal cousa atendendo ao exposto. Así, a recente lei aprobada en España, despenaliza a tercería locativa en base ao citado consentimento, autorizando o exercicio da prostitución e, con iso, normalizando socialmente unha institución baseada na violencia cara ás mulleres e a escravitude das mesmas. En contraposición, unha proposta de lei abolicionista, a LOASP, aborda medidas políticas, laborais, económicas e de apoio social e psicolóxico para que as mulleres vítimas de explotación sexual poidan saír da súa situación, á vez que penaliza aos putañeiros e aos proxenetas en aras da erradicación total do sistema prostitucional. Lexislacións deste tipo, como a vixente en Suecia dende o ano 1999, demostraron a redución nas cifras da prostitución e a trata (Varela, 2014), permitíndonos albergar esperanza sobre a posibilidade dun horizonte abolicionista global.

Neste sentido, consideramos fundamental a defensa non só da citada LOASP, senón do abolicionismo en xeral, xa que coincidimos con este movemento en que a prostitución inflúe decisivamente no aumento da trata con fins de explotación sexual e produce enormes beneficios económicos á industria do sexo e ás mafias que nela se moven, perpetuando a violencia de xénero e a desigualdade entre homes e mulleres e consolidando un modelo contrario aos dereitos humanos (Posada, 2018). Así mesmo, entendemos que acabar con esta práctica pasa por deconstruír o sistema patriarcal, o que implicará unha transformación social e política de calado que sitúe a erradicación da prostitución na axenda institucional e na educación e a socialización dende as etapas máis temperás, nun proxecto de emancipación que posibilite, por fin, a igualdade real para tódalas mulleres.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Ackelsberg, M. (2017). *Mujeres Libres. El anarquismo y la lucha por la emancipación de las mujeres*. Barcelona: Virus.

Afanador, M. I. e Caballero, M. C. (2012). “La violencia sexual contra las mujeres. Un enfoque desde la criminología, la victimología y el derecho”, *Reflexión Política*, 14 (27).

Arroyo, P. (1982). “La Sociedad Abolicionista Española”. *Cuadernos de historia moderna y contemporánea*, 3, 127-150.

Barry, K. (1988). *Esclavitud sexual de la mujer*. Barcelona: La Sal.

Baumgardner, J. e Richards, A. (2000). *Manifesta: Young women, feminism, and the future*. Nova York: Farrar, Strauss and Giroux.

Blanco, O. (2000). *Olimpia de Gouges (1748-1793)*. Madrid: Ediciones del Orto.

Brownmiller, S. (1975). *Against Our Will: Men, Women and Rape*. Nova York: Simon and Schuster.

Butler, J. (1877) [1875]. *Una voz en el desierto*. Madrid: Librería Nacional y Extranjera.

Cacho, L. (2010). *Esclavas del poder. Un viaje al corazón de la trata sexual de mujeres y niñas en el mundo*. Barcelona: Debate.

Cancio, M. (2016). “Delitos contra la libertad e indemnidad sexuales”. En Molina, F. (coord.) *Memento Práctico Penal*, 981 (ss.). Madrid: Francis Lefebvre.

CAP Intl. (2016). *Coalición por la abolición de la prostitución*. París: CAP International.

Carmona, E. (2017). “¿Es la prostitución una vulneración de derechos fundamentales?”. En Serra, R. (coord.) *Prostitución y trata. Marco jurídico y régimen de derechos*, 43-70. Valencia: Tirant lo Blanch.

Carracedo, R. (2006). “Por un análisis feminista sobre la prostitución”. En Calvo, C; García, M. e Susinos, T. (eds.) *Mujeres en la periferia. Algunos debates sobre género y exclusión social*, 57-73. Barcelona: Icaria Editorial.

Cobo, R. (2011). *Hacia una nueva política sexual. Las mujeres ante la reacción patriarcal*. Madrid: Libros de la Catarata.

- Cobo, R. (2015). “El cuerpo de las mujeres y la sobrecarga de la sexualidad”. *Investigaciones Feministas*, 6.
- Cobo, R. (2017). *La prostitución en el corazón del capitalismo*. Madrid: Catarata.
- Cobo, R. (2018). “El imaginario pornográfico como pedagogía de la prostitución”. *Oñati Socio-legal Series*.
- Corbera, C. (2008). “Políticas Legislativas Internacionales sobre Prostitución”. *Ponencia presentada en el II Congreso Virtual sobre Prostitución 2008, Regularización de la Prostitución y Derechos Humanos*. Universidade das Illas Balears.
- De Beauvoir, S. (2017) [1949]. *El segundo sexo*. Madrid: Cátedra.
- Del Moral, C. (1974). *La sociedad madrileña fin de siglo y Baroja*. Madrid: Ediciones Turner.
- De Miguel, A. (2005). “La construcción de un marco feminista de interpretación: la violencia de género”. *Cuadernos de Trabajo Social*, 18, 231-248.
- De Miguel, A., e Palomo, E. (2011). “Los inicios de la lucha feminista contra la prostitución: Políticas de redefinición y políticas activistas en el sufragismo inglés”. *Brocar, Cuadernos de investigación histórica*, 35, 315-334.
- De Miguel, A. (2015). *Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección*. Madrid: Cátedra.
- Denzin, N. K. e Lincoln, Y. S. (1994). *Handbook of Qualitative Research*. Londres: Sage.
- Dodillet, S. (2005). “Cultural Clash of Prostitution: Debates on Prostitution in Germany and Sweden in the 1900s”. En Sönser, M. e Peters, F. (eds.) *Genealogies of identity: interdisciplinary readings on sex and sexuality*, 39-56. Boston: Brill.
- Dworkin, A (1993). “Prostitution and male supremacy”. *Michigan Journal of Gender and Law*, 1 (1).
- Ekberg, G. (2004). “The Swedish Law That Prohibits the Purchase of Sexual Services”. *Violence against women*, 10.

Escobedo, I. (2017). “La prostitución a debate. Entre el discurso médico-social y el feminismo (1847-1875)”. *STVDIVM, Revista de Humanidades*, 23.

Faludi, S. (1993). *Reacción. La guerra no declarada contra la mujer moderna*. Barcelona: Anagrama.

Fernández, M. (2017). “Olas del feminismo: la perenne búsqueda de la Igualdad”. *Agnosia*.

Firestone, S. (1976). *La dialéctica del sexo*. Barcelona: Kairós.

Fraser, N. (1997). *Iustitia interrupta. Reflexiones críticas desde la posición ‘postsocialista’*. Bogotá: Siglo del Hombre.

Galindo, M. e Sánchez, S. (2007). *Ninguna mujer nace para puta*. Bos Aires: Lavaca Editora.

Gamba, S. (2008). “Feminismo: historia y corrientes”. *Diccionario de estudios de Género y Feminismos*, 3, 1-8.

Garrido-Rodríguez, C. (2021). "Repensando las olas del Feminismo. Una aproximación teórica a la metáfora de las ‘olas’". *Investigaciones Feministas*, 12 (2), 483-492.

Gimeno, B. (2012). *La prostitución*. Madrid: Bellaterra.

Glaser, B., e Strauss, A. (1967). *The Discovery of Grounded Theory Strategies for Qualitative Research*. Chicago: Aldine.

González, W. (2003). “Historia del feminismo”. *Revista de la universidad autónoma de Yucatán*, 225, 30-45.

Greer, G. (2012) [1970]. *La mujer eunuco*. Barcelona: Kairós.

Gusfield, J. (1994). “La reflexividad de los movimientos sociales”. En Laraña, E. e Gusfield, J. (eds.) *Los nuevos movimientos sociales*. Madrid: CIS.

Hernández R.; Fernández, C. e Baptista, P. (2003). *Metodología de la investigación*. México D.F.: McGraw-Hill.

Illouz, E. (2014). *Erotismo de autoayuda. Cincuenta sombras de Grey y el nuevo orden romántico*. Arxentina: Katz Editores.

Kant, E. (2009). “¿Qué es la Ilustración?”. *Foro de educación*, 7 (11), 249-254.

Karam, T. (2005). “Una introducción al estudio del discurso y al análisis del discurso”. *Global Media Journal México*, 2 (3).

Kindersley, D. (2019). *The feminism Book*. Londres: DK Limited.

Koedt, A., e Mingo, D. R. (2001). “El mito del orgasmo vaginal”. *Debate feminista*, 23, 254-263.

Kollontai, A. (1921). “La prostitución y cómo combatirla”. Discurso á terceira conferencia de dirixentes dos Departamentos Rexionais da Muller de toda Rusia.

Kollontai, A. (1976). *Autobiografía de una mujer sexualmente emancipada*. Barcelona: Anagrama.

LeCompte, M. (1995). “Un matrimonio conveniente: diseño de investigación cualitativa y estándares para la evaluación de programa”. *Revista Electrónica de Investigación y Evaluación Educativa*, 1 (1).

Linares, K. R. e Sierra, A. M. (2014). “Mujeres transgresoras: formación política y organizativa frente a la violencia sexual contra las mujeres en los Montes de María”, *Ciencia Política*, 9 (18), 24.

Mackinnon, C. (1993). “Prostitution and civil rights”. *Michigan Journal of Gender and Law*, 1.

Maffia, D. (2011). ‘Tecnología y control social de los cuerpos sexuados’. En Gomes de Carvalho, M. (org.). *Ciencia, tecnología e género: abordagens iberoamericanas*. Brasil: UTFPR.

Maïga, A. (2015). “Largo combate contra la explotación sexual – Perspectivas históricas sobre el modelo nórdico”, *Ressources Prostitution*.

Martín, C. (1987). *Usos amorosos de la postguerra española*. Barcelona: Anagrama.

McAdam, D. (1994). “Cultura y movimientos sociales”. En Laraña, E. e Gusfield, J. (eds.) *Los nuevos movimientos sociales*. Madrid: CIS.

Millett, K. (1973). *The prostitution papers: A candid dialogue*. Nova York: Avon Books.

Millett, K. (1995). *Política Sexual*. Madrid: Cátedra.

- Miyares, A. (2018). “La cuarta ola del feminismo, su agenda”. *Tribuna feminista*.
- Mohanty, C. (2008). *Bajo los ojos de Occidente: Academia Feminista y discurso colonial*. Madrid: Cátedra.
- Morcillo, S., Martynowskyj, E. e de Stéfano, M. (2018). “Masculinidad, sexualidad y relaciones de género en los relatos de varones que pagan por sexo”. Presentación nas XII Jornadas de Investigadores en Historia do CEHIS. Departamento de Historia, Facultade de Humanidades, Universidade Nacional de Mar del Prata.
- Morse, J. M. (1994). “Designing funded qualitative research”. En Denzin, N. K. e Lincoln, Y. S. (eds.) *Handbook of qualitative research*, 220-235. Londres: Sage.
- Murnau, M. y Sotillo, H. (2017). *Feminismo ilustrado, ideas para combatir el machismo*. Barcelona: Penguin Random House.
- Nash, M. (2004). *Mujeres en el mundo*. Madrid: Alianza Editorial.
- Nicolás, G. (2007). *La Reglamentación de la prostitución en el Estado español. Genealogía jurídico-feminista de los discursos sobre prostitución y sexualidad*. Universidade de Barcelona.
- Nuño, L. (2017). *Elementos para una teoría crítica del sistema prostitucional*. Madrid: Comares.
- Orjuela, A. (2012). “El concepto de violencia de género en el Derecho Internacional de los Derechos Humanos”. *Revista Latinoamericana De Derechos Humanos*, 23 (1), 89-114.
- Pateman, C. (1995). *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos.
- Posada, L., (2019). “Reflexiones críticas sobre la prostitución desde el modelo abolicionista”. *Oñati Socio-legal Series*, 9 (1), 27-39.
- Pucciarrello, M. (2010). “Apuntes sobre el tratamiento jurídico de la prostitución”. En Thiteux-Altschul, M. (ed.) *Género y corrupción, las mujeres en la democracia participativa*, 187-212. Bos Aires: Libro del Zorzal.
- Ranea, B. (2017). “(Re)pensar la prostitución desde el análisis crítico de la masculinidad”. En Nuño, L. e de Miguel, A. (eds.) *Elementos para una teoría crítica del sistema prostitucional*. Granada: Comares.

Rivas, M. (2013). “II República española y prostitución: el camino hacia la aprobación del Decreto abolicionista de 1935”. *Arenal*, 20 (2), 345-368.

Rubio, G. (2004). “Los orígenes del sufragismo en España”. *Espacio Tiempo y Forma. Serie V, Historia Contemporánea*, 16.

Silverman, D. (2005). *Doing qualitative research: A practical handbook*. Londres: Sage.

Soboul, A. e Martínez, P. (1981). *La Revolución Francesa*. Barcelona: Ediciones Orbis.

Solana, J. L. (2007). “Movimientos migratorios, trabajadoras inmigrantes y empleo en la prostitución”. En (V.V.A.A.) *La prostitución, una realidad compleja*, 37-58. Madrid: Cáritas Española.

Sosa, A.; Galarza, E. e Castro-Martínez, A. (2019). “Acción colectiva ciberactivista de Las periodistas paramos para la huelga feminista del 8M en España”. *Comunicación y Sociedad*, 16.

Suchland, J. (2015). *Economies of Violence: Transnational Feminism, Postsocialism, and the Politics of Sex Trafficking*. Carolina do Norte: Duke University Press.

Taylor, S. J. e Bogdan, R. (1992). “La entrevista en profundidad”. En Taylor, S. J. e Bogdan, R. *Introducción a los métodos cualitativos de investigación. La búsqueda de significados*, 100-132. Bos Aires: Paidós.

Taylor, S. J. e Bogdan, R. (1984). *Introducción a los métodos cualitativos de investigación. La búsqueda de significados*. Bos Aires: Paidós.

Tiganus, A. (2021). *La revuelta de las putas*. Barcelona: Ediciones B.

Todorov, T. (2008). *El espíritu de la Ilustración*. Barcelona: Círculo de Lectores.

Torrado, E. (2018). “Mitos sustentadores del sistema prostitucional. La negación de la violencia machista en prostitución”. *Servicios sociales y Política social*, 116, 79-89.

Tristán, F. (1840). *Promenades dans Londres*. París: H. L. Delloye.

Ulloa, T. (2011). “La prostitución: una de las expresiones más arcaicas y violentas del patriarcado”. *Pensamiento Iberoamericano*, 9, 293- 312.

Valcárcel, A. (2000). “El feminismo”. En Rubio-Carracedo, J; Rosales, J. M. e Toscano, M. (eds.) “Retos pendientes en ética y política”. *Contrastes, Revista Interdisciplinar de Filosofía*, 5, 123-135.

Varela, N. (2014). *Feminismo para principiantes*. Barcelona: Ediciones B.

Varela, N. (2019). *Feminismo 4.0. La cuarta ola*. Barcelona: Ediciones B.

Velasco, H. (1999). *La lógica de la investigación etnográfica: un modelo de trabajo para etnógrafos de la escuela*. Madrid: Trotta.

Walker, R. (1992). “Becoming the Third Wave”. *Ms. Magazine.*, 2, 39-41.

Wolf, N. (1990). *El mito de la belleza*. Londres: Vintage.

Wollstonecraft, M. (2018) [1792]. *Vindicación de los Derechos de la Mujer*. Madrid: Cátedra.

ANEXO 1: Ficha técnica da Informante 1.



Nome e apelidos: Esther Torrado Martín-Palomino.

Formación académica: Doutora en Socioloxía pola Universidade de La Laguna e Licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía pola Universidade Pontificia de Salamanca e Traballo Social pola Universidade Complutense de Madrid.

Ocupación actual: Profesora contratada doutora na ULL, especializada no campo da socioloxía das desigualdades, migracións forzadas, violencia sexual, teoría feminista e estudos das mulleres.

Traxectoria profesional: Iniciouse como coordinadora de SSG e directora de Servizos de Muller e Saúde na Comunidade de Madrid e, dende 2011, iniciou a súa carreira de investigadora docente a tempo completo na ULL, se ben anteriormente xa era profesora asociada en dita universidade. Prestou servizos como socióloga no Instituto Canario de Igualdade, a Consellería de Educación, o Cabildo Insular de Tenerife e Forem, Fundescan e Rede Anagos. Realizou estancias de investigación en centros de recoñecido prestixio como o Centro de Estudos das Migracións Internacionais da Universidade de La Habana ou o Instituto de Investigacións Económicas da UNAM, de México. É fundadora da RAIEPP (Rede Académica Internacional de Estudos sobre Prostitución e Pornografía) e membro do Colexio Oficial de Ciencias Políticas e Socioloxía de Canarias. Foi, tamén, avaliadora en máis de 30 revistas internacionais e nacionais e participante na elaboración de materiais docentes e en máis de 15 proxectos de innovación, de cinco dos cales foi directora. Ata a data, presentou comunicacións nacionais e internacionais, sendo invitada a ditas 33 presentacións e 38 conferencias en congresos.

Publicacións de interese:

González, A. e Torrado, E. (2019). “Cosificación y mercantilización de las mujeres: las tecnologías como instrumento de violencia”. *Sociología y tecnociencia: Revista digital de sociología del sistema tecnocientífico*, 1(9), 1-8.

